


# **Avaliación II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2014-2018**

**Concello de Sada**

**Concellaría de Benestar Social e Igualdade**



---

# ÍNDICE

---

Fundamentación/

Metodoloxía/

Avaliación de Resultados/

Grao de Execución/

Avaliación de Proceso e Indicacións para a Continuidade/

Conclusións/

Documentación e Marco Lexislativo/

---

# FUNDAMENTACIÓN

---

Imprescindible para emprender a elaboración do III Plan de Igualdade do Concello de Sada es aprender da experiencia. Esta es a idea que sustenta esta avaliación; recoller todo o desenvolvido ao longo destes catro anos, para que sirva de base para mellorar no futuro.

O compromiso do Concello de Sada coa Igualdade de xénero arrinca en 2006 co I Plan de Igualdade de Oportunidades que supuxo un primeiro paso necesario para a introdución da perspectiva de xénero nas políticas municipais. Posteriormente, no II Plan de Igualdade do 2014, avanzouse notablemente en concretar estas políticas, a través de 8 eixes, 9 obxectivos estratéxicos, 29 obxectivos operativos e 74 accións.

Para elaborar esta avaliación contouse coas diferentes áreas municipais e tomouse como referencia a avaliación do primeiro Plan de Igualdade. Para darlle forma consultáronse diversas guías estatais e locais co fin de unificar criterios.

Esta avaliación detalla paso por paso o grao de cumprimento do plan, as dificultades atopadas, indicacións para o futuro e en resumo, todas as cuestións que poden axudar a mellorar futuras políticas. O obxectivo é dobre, por unha banda avaliar o traballo realizado a favor da igualdade para comezar cun novo plan aproveitando a experiencia pasada e tentando evitar os erros e reforzar os acertos, e por outra parte compartir co persoal deste Concello e coa cidadanía esta experiencia, tendo en conta a responsabilidade que todos temos na loita pola igualdade.

Nos resultados desta avaliación fálase sempre de obxectivos e accións abordados ou pendentes xa que sería moi pretencioso concluír que se logrou introducir a perspectiva de xénero en todas as accións que desenvolve o Concello ou que a educación en igualdade calou en absolutamente todo o alumnado, por exemplo. Son metas a conseguir para as que queda moito camiño por percorrer, pero si que podemos sinalar que polo menos se abordou ese obxectivo mediante unha acción determinada.

O desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás Entidades Locais no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero envolve esta avaliación que tamén atopa sustento no artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia que establece que lle corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

No marco estatal, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no marco galego o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, introducen a previsión de políticas activas para facer efectivo este principio de igualdade.

A violencia de xénero supón a representación máis extrema da desigualdade entre mulleres e homes. No ámbito estatal, aprobouse a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no ámbito autonómico, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

---

# METODOLOXÍA

---

Esta avaliación concrétase en diferentes capítulos que fan referencia aos indicadores de cumprimento, valoración, eficiencia e eficacia que detállanse no II Plan de Igualdade no apartado de “Seguimento e avaliación”.

A dificultade máis destacada para avaliar o anterior Plan de Igualdade atópase na falta de indicadores numéricos. Non existe unha avaliación xa feita de cada un dos anos, así que enfrontámonos a unha tarefa enorme, avaliar os catro anos de vixencia do plan cando fai case un ano desde que finalizou. Nestes anos sen datos e a pesar da boa disposición de todas as áreas municipais, resulta demasiado custoso reunir cifras concretas. A pesar de todo podemos facer referencia as accións desenvolvidas para valorar se foron ou non abordados os diferentes obxectivos, indicadores que si podemos utilizar.

Os diferentes apartados desta avaliación son:

**Fundamentación:** refírese á xustificación da necesidade de desenvolver esta avaliación e en que documentos e lexislación baséase.

**Metodoloxía:** detalla o método de traballo realizado e o proceso para levar a cabo esta avaliación.

**Avaliación de resultados:** precisa, tanto o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de igualdade como o seu nivel de execución. Detalla que accións foron abordadas e cales quedaron pendentes e estrutúrase por eixes.

**Grao de execución do Plan:** detalla o grao total de execución do plan pormenorizando no seu conxunto obxectivos, accións e cumprimento das áreas. Tamén recolle os motivos polos que algunhas accións quedaron pendentes.

**Avaliación de proceso e indicacións para a continuidade:** avalía o relativo ao desenvolvemento do Plan, éxitos e áreas de mellora nos eixes do plan, ademais dos recursos materiais e técnicos e as ferramentas de seguimento. Tamén detallasen as principais dificultades atopadas.

**Conclusións:** resume os puntos fortes e débiles do Plan e establece futuras liñas de traballo.

**Documentación:** a modo de bibliografía recolle a lexislación e os manuais consultados para levar a cabo esta avaliación.

---

# AVALIACIÓN DE RESULTADOS


---

## Eixe 1: Transversalidade na Xestión Municipal

---

Obxectivos Operativos	4	
Abordados	3	75%
Pendientes	1	25%

Accións	9	
Abordadas	4	44%
Pendientes	5	56%



## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Conseguir que a estrutura central de toda a organización municipal, o Concello, teña como base a igualdade de oportunidades (*mainstreaming* de xénero) **Abordado**

## OBXECTIVOS OPERATIVOS

E1.OO1. Fomentar a formación e sensibilización en igualdade. **Abordado**

E1.OO2. Promover a desagregación de datos por sexo. **Abordado**

E1.OO3. Xerar un amplo coñecemento da linguaxe non sexista e inclusiva, sobre todo no ámbito administrativo, en cumprimento co artigo 14 da Lei 3/2007. **Pendente**

E1.OO4. Difundir o II PIOM, tanto entre o persoal técnico e político, como entre a cidadanía e impulsar a súa posta en marcha. **Abordado**

## ACCIÓNS

E1.OO1 Incorporar dentro da programación da formación do Concello un curso básico de formación en igualdade e non discriminación por razón de sexo, obrigatorio para a totalidade de persoal funcionario, laboral e político.

Resultado: **Pendente**

Precisa de dotación económica. A valorar se incluía nunha medida máis global abordando o uso da linguaxe inclusiva nas publicacións internas e externas.

E1.OO1 Difundir todas as oportunidades de capacitación e formación en diversos niveis e especialidades en materia de igualdade efectiva de mulleres e homes (formación on line ou presencial) que existen a nivel estatal, autonómico, a través dos diferentes organismos e entidades.

Resultado: **Abordada**

As diferentes entidades FEGAMP, Deputación da Coruña, EGAP...ofertan cada ano cursos en materia de igualdade dos que se informa ao persoal do Concello.

E1.OO3 Difundir recomendacións entre o persoal do Concello para reducir os usos sexistas na documentación municipal.

Resultado: **Pendente**

A acción quedará recollida para o III PIOM a través dun documento con recomendacións de boas prácticas en igualdade e recomendacións para o uso de linguaxe non sexista a difundir entre o persoal do Concello.

E1.OO3 Realizar unha revisión de toda a documentación interna e publicacións externas por cada estrutura do concello para adaptala progresivamente, dende un punto de vista non sexista.

Resultado: **Pendente**

A acción quedará recollida para o III PIOM a través dun documento con recomendacións de boas prácticas en igualdade e recomendacións para o uso de linguaxe non sexista a difundir entre o persoal do Concello.

E1.OO3 Realizar unha revisión de contidos da páxina web do concello e corrixir os usos sexistas da linguaxe.

Resultado: **Pendente**

Queda pendente para o próximo Plan de Igualdade. A valorar se incluía nunha medida máis global abordando o uso da linguaxe inclusiva nas publicacións internas e externas.

**E1.OO4 Facer divulgación do II PIOM entre toda a cidadanía sadense, axentes socioeconómicos e persoal técnico e político do Concello.**

**Resultado: Abordada**

O II PIOM foi difundido tanto a nivel interno entre o persoal como entre a cidadanía sadense a través dos diversos medios de difusión cos que conta o Concello, (páxina web, redes sociais...). tamén se difundiu entre os medios de comunicación. Diarios como a Voz de Galicia fixéronse eco da noticia o 5 de novembro do 2014.

**E1. OO1 Determinar que nas convocatorias de procesos selectivos de acceso e promoción no emprego público municipal, haxa unha composición equilibrada de mulleres e homes nos tribunais de selección.**

**Resultado: Abordada**

Para facer a avaliación colleremos como indicador os últimos nove procesos selectivos convocados dentro do período de desenvolvemento do II PIOM.

Se definimos a paridade como que ningún dos dous sexos teña unha proporción inferior 40% nin superior ao 60%, hai que destacar que de nove procesos selectivos, en sete hai paridade o que supón un 78% do total. A pesar disto podemos recomendar unha mellora na presenza das mulleres nos tribunais de selección segundo os postos.

Ademais convén poñer de manifesto que non se utilizou a linguaxe inclusiva nalgunhas convocatorias.

**- CONVOCATORIA PARA AMPLIACIÓN DA LISTA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS SUBESCALA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**  
(Anuncio BOP 12/11/2018)

- ✓ Titulares: 4 homes e 2 mulleres.
- ✓ **Non hai paridade** (mulleres 33%), pero a valorar positivamente que a presidenta é unha muller.

**- CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE VARIOS POSTOS DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PIL)** (Bases 26/06/2018)

- ✓ Titulares: 5 homes
- ✓ **Non hai paridade** (Como máximo aparece unha soa muller nos tribunais das diferentes prazas)

**- CONVOCATORIA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO.** (Anuncio BOP 16/08/2018)

- ✓ Titulares: 3 mulleres e 2 homes
- ✓ **Hai paridade** (60% mulleres)

**- CONVOCATORIA CONTRATACIÓN DE VARIOS POSTOS PARA A FORMACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.** (Bases 05/07/2018)

- ✓ Titulares: 2 mulleres e 3 homes (segundo praza)
- ✓ **Hai paridade** (40% mulleres)

**- CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE BIBLIOTECARIO/A.** (Anuncio BOP 09/01/2018)

- ✓ Titulares: 3 homes e 3 mulleres
- ✓ **Hai paridade** (50% mulleres)

**- CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AXENTE DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.** (Anuncio BOP 22/03/2018)

- ✓ Titulares: 2 mulleres e 3 homes, a destacar presidenta e secretaria mulleres.
- ✓ **Hai paridade** (40% mulleres)

**- CONVOCATORIA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PERSOAL TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL**(Anuncio BOP 16/10/2017)

- ✓ Titulares: 3 mulleres e 2 homes
- ✓ **Hai paridade** (60% mulleres)

**- CONVOCATORIA DE PS PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN (Anuncio BOP 06/07/2016)**

- ✓ Titulares: 2 mulleres e 3 homes
- ✓ Hai paridade (40% mulleres)

**- CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (Anuncio BOP 08/06/2017)**

- ✓ Titulares: 3 mulleres e 2 homes
- ✓ Hai paridade (60% mulleres)

E1.OO3 Incorporar na web do concello o acceso as recomendacións da utilización da linguaxe non sexista da páxina web Mulleres en Galicia da Secretaría Xeral de Igualdade

Resultado: Pendente

Aínda non se conta na web con esta ligazón de acceso. Para o próximo Plan incluír unha ligazón ao manual de linguaxe inclusiva para as publicacións externas e internas a elaborar desde o Concello.

E1.OO2 Consolidar a comisión de igualdade como órgano impulsor e coordinador da posta en marcha de iniciativas e accións contempladas neste PIOM.

Resultado: Abordada

Foi a finais do xaneiro de 2017 cando tivo lugar a presentación do Consello sectorial de Benestar Social, Muller e Saúde integrado por diferentes sectores de relevancia municipal e veciñanza. Froito deste consello iníciáanse diferentes actividades como charlas saudables nas parroquias.


GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 1			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	75%		
Accións			44 %



## Eixe 2: Empoderamento e acción social

Obxectivos Operativos	4	
Abordados	4	100%
Pendientes	0	0%

Accións	8	
Abordadas	6	75%
Pendientes	2	25%



## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Lograr a plena participación en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade incluíndo a participación nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder **Abordado**

## OBXECTIVO OPERATIVO

E2.OO1. Difundir e sensibilizar á sociedade de Sada sobre a importancia da participación social, política e sindical das mulleres para a consecución da igualdade real. **Abordado**

E2.OO2. Promover a presenza e participación das mulleres nas organizacións políticas e sindicais do concello **Abordado**

E2.OO3. Apoiar e promover a presenza e participación das mulleres no tecido asociativo de Sada **Abordado**

E2.OO4. Potenciar a participación social da muller **Abordado**

## ACCIÓNNS

E2.OO3. Facilitar as nenas mozas e mulleres a aprendizaxe e adestramento en habilidades e actitudes sobre liderado, empoderamento persoal, autoafirmación, asertividade, traballo en equipo etc.

**Resultado: Abordada**

E2.OO2. Organizar actividades que fomenten a participación das mulleres nas representacións políticas sindicais e empresariais.

**Resultado: Abordada**

E2.OO2/OO3 Difundir entre nenas e mozas modelos de mulleres con responsabilidade empresarial, política e sindical fomentando tamén a diversificación profesional.

**Resultado: Abordada**

E2. OO4. Diseñar accións formativas e de intercambio cultural e xeracional orientadas a coñecer e integrar a mulleres.

**Resultado: Abordada**

E2 OO1/OO3 Difundir o traballo e as actividades das asociacións de mulleres

**Resultado: Abordada**

Todas estas accións comparten indicadores pois refírense a actividades, accións formativas ou culturais que teñen como eixo o empoderamento da muller, tanto no ámbito profesional, como cultural ou mesmo persoal, a través do desenvolvemento da autoestima, a autoafirmación ou a asertividade. Tamén cumprese o obxectivo de servir de espazo de integración.

Entre as actividades desenvolvidas destaca o curso: “Diversidade, Inclusión e Intervención Sociocomunitaria” en xullo de 2018, as xornadas de coaching para mulleres de 2017 e desde o punto de vista cultural o Festival ELAS SON ARTISTAS. Tamén tendo as mulleres como colectivo prioritario destaca o proxecto “Empoderamento da muller con cancro de mama” durante o ano 2018, as charlas de vida saudable que foron organizadas polo Consello sectorial Benestar Social, Muller e Saúde en agosto de 2017 ou Sadanda. Son uns poucos exemplos de actividades organizadas en este sentido y que se recollen con máis detalles en capítulos posteriores de esta avaliación.

Por outra banda, respecto a difundir o traballo de asociacións de mulleres, asociacións en xeral e sindicatos colaboreuse co tecido asociativo iniciativas que teñen como obxectivo o empoderamento da muller, como con AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias) para o Obradoiro: “Empoderamento dá muller como persoa socia dá cooperativa” ou o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur para o proxecto “Mulleres do Mar”, entre outras.

Outros exemplos de actividades especialmente dedicadas a mulleres son:

- **Creación e desenvolvemento do Consello sectorial Benestar Social, Muller e Saúde:** a finais do xaneiro de 2017 tivo lugar a presentación dos diferentes consellos sectoriais. Froito do dedicado á muller desenvolveranse varias accións.



- **Obradoiro de autodefensa para mulleres:** a concellería de Igaldade e Benestar colaborou coa Deputación Provincial na organización deste obradoiro para o cal destináranse 15 prazas. Desenvolveuse o 5 xullo de 2018 na cámara agraria de Riobao.

**OBRADOIRO DE AUTODEFENSA**

**OBRADOIRO DE AUTODEFENSA DIRIXIDO A MULLERES MAIORES DE 16 ANOS**

**Día:** xoves 5 de xullo  
**Hora:** 17:30  
**Lugar:** Cámara agraria Riobao

**INSCRICIÓNS:**  
Servizos Sociais Municipais Sada info@quendixomedeo.gal  
Tfno.: 981 620 567 Tfno.: 981576 469

**MAIS INFO.:** [www.quendixomedeo.gal](http://www.quendixomedeo.gal)

Organiza: Deputación DA CORUÑA IGUALDADE DE XÉNERO Colabora:

E2.OO3 Divulgar e prestar apoio técnico e asesoría para a creación de asociacións de mulleres , facilitando a súa constitución a través asesoramento, tramitación de subvencións, etc.

Resultado: Abordada

As persoas interesadas na constitución dunha asociación teñen o asesoramento necesario no Concello para resolver dúbidas e guiarlles no proceso.

E2.OO1. Divulgar a todas as asociacións e colectivos, profesionais e xuvenís as accións que se xeren no ámbito da igualdade e do empoderamento (creación de asociacións como womenalia, celebración de congresos, programas de xunta como executiva...) para que se vexa os movementos que hai a nivel internacional, estatal e galego.

Resultado: Pendente

Esta acción non levouse a cabo durante o período de desenvolvemento do II PIOM, queda pendente para o seguinte.

E2.OO1. Continuar coa visibilización, valoración e recoñecemento público das mulleres, nomeamento das galegas, mediante o incremento do número de mulleres asignadas a espazos e actividades relacionadas co concello, rúas, centros, certames, proxectos, edificacións públicas, etc.

Resultado: Pendente


Non hai unha instrución precisa que indique a conveniencia de incrementar o número de nomes de mulleres asignados a espazos ou actividades no Concello. A acción queda pendente para o próximo Plan de Igualdade.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 2			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100 %		
Accións	75%		

## Eixe 3: Educación para a igualdade

Obxectivos Operativos	3	
Abordados	3	100%
Pendientes		

Accións	7	
Abordadas	5	71%
Pendientes	2	29%



## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Favorecer o cambio de actitudes e a toma de conciencia política e técnica do concello, así como da sociedade, sobre a necesidade de traballar en torno á consecución da igualdade entre mulleres e homes, facilitando e reforzando o desenvolvemento das políticas de igualdade.

Abordado

## OBXECTIVO OPERATIVO

E3.OO1. Sensibilizar a toda a poboación da importancia de acadar a plena igualdade

Abordado

E3.OO2. Sensibilizar á comunidade educativa sobre a necesidade de traballar arredor da igualdade de oportunidades para mulleres e homes

Abordado

E3.OO3. Fomentar a adaptación da educación de persoas adultas ao principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Abordado

## ACCIÓN

E3. OO1 Divulgar o II PIOM entre toda a poboación, axentes socioeconómicos e persoal técnico e político do concello

Resultado: Abordada

Ver acción do eixo 1 “Facer divulgación do II PIOM entre toda a cidadanía sadense, axentes socioeconómicos e persoal técnico e político do Concello”.

E3. OO1. Continuar na conmemoración de días sinalados como o 8 de marzo Día Internacional da Muller, 15 de outubro día da muller rural e 25 de novembro día contra a violencia de xénero.

Resultado: Abordada


O 8 de marzo, día internacional da Muller e 25 de novembro día contra a violencia de xénero conmemoráronse, ao longo de todos os anos de desenvolvemento do II PIOM, a través de diversas actividades. Estes son algúns exemplos:

### **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

- **Exposición MATRIARCAS:** da artista, Ana Sastre, coincidindo co Día Internacional da Muller de 2017. Organizada pola concellería de Benestar Social e Igualdade.



- Exposición "A miña bisavoa é unha muller especial": o Concello de Sada adicou o Día da Muller 2018 ás bisavoa cunha iniciativa "pioneira" na que os escolares reivindicaron o papel destas mulleres "sobre as que outrora pesaba toda a responsabilidade familiar".. A iniciativa tivo lugar en 2017 tamén dedicada ás avoas.



- Actos do 2018: dentro da programación do Día da Muller 2018 o 11 de marzo tivo lugar o acto organizado pola concellería de Benestar Social e Igualdade onde participaron o grupo de alumnas do IES Isaac Díaz Pardo, que gañaron o concurso de guións de violencia de xénero da Deputación, e proxectouse un vídeo onde participan 60 veciñas de Sada . Realizado polo sadense Carlos Babio Nogueira, o video conta coa colaboración do Rayo Sadense feminino, do Club Atletismo Sada, IES Isaac Díaz Pardo, Sadanza, Escola de Danza Carmen López, Abanca, Cal Pita, Parga y Asociados ...”





## **DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**

- **I Concurso de Microrelatos contra a Violencia de Xénero:** Benestar Social e Igualdade premió no 2015 aos escolares polas súas obras en contra da violencia de xénero.




- **Sada en Negro:** desde 2016 e con motivo do 25 de novembro, día de rexeitamento da violencia contra a muller, comercios, hostalería e clubs deportivos visten Sada de negro dentro da campaña “En negro contra as violencias” da que forman parte municipios de toda Galicia. Dentro de esta campaña organízanse varios actos como o recital poético “nin unha menos” ou a curtametraxe “Démoslle voz” no 2018.





# 25<sup>N</sup> POR UNHA SADA LIBRE DE VIOLENCIA DE XÉNERO



**PROGRAMACIÓN:**

Do 19/11 ao 25/11: **CAMPAÑA "SADA EN NEGRO"**

Durante esta semana a nosa vila se tinguirá de negro en contra as violencias machistas, ca participación de máis de 100 entidades locais.

**VENRES 23/11. CONCENTRACIÓN E LECTURA DO MANIFESTO "SADA EN NEGRO"**  
 Hora: 12 h.  
 Lugar: Praza de San Roque  
 Nos concentraremos para manifestar o noso rexeitamento á violencia machista e leremos un manifesto de apoio ás vítimas.

**SÁBADO 24/11. VII ANDAINA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONSORCIO AS MARIÑAS**  
 Hora: 10.30  
 Lugar: Casa das Palmeras de Cambre  
 Percorrido: Arredor da ría do Burgo, polos concellos de Cambre, Oleiros e Culleredo.  
 O Consorcio As Mariñas organiza esta andaina co fin de amosar o rexeitamento dos oito concellos e de toda a poboación das Mariñas a esta lacra social.

**SÁBADO 24/11. RECITAL MUSICAL-POÉTICO ESPERTO "NIN UNHA MENOS".**  
 Hora: 19.00 h  
 Lugar: La Terraza Café Jazz.  
 Da man do movemento cultural ESPERTO teremos unha xornada reflexiva e artística ca presenza de Yolanda Castaño, Carolina Rubirosa, Xan Solo, Vanesa Santiago, Javi Pena, Miguel Mosquera, Lúa Mosquera, AFROGALGAS e SADANZA.

**VENRES 30/11. ESTREA DA CURTAMETRAXE "DEÁMOSLLE VOZ".**  
 Hora: 20 h  
 Lugar: Hotel Alda Sada Marina  
 Teremos a oportunidade de estrear a curtametraxe "Deámoslle voz". Un traballo realizado polo alumnado do IES Isaac Díaz Pardo e que foi gañador do concurso de guións contra a violencia de xénero promovido pola Deputación de A Coruña.

Concellería de Benestar Social e Igualdade  
 Concello de Sada

- **Concentracións contra a violencia machista:** Con motivo da celebración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller o Concello de Sada, a través da Concellería de Benestar e Igualdade, concentrouse na Praza de San Roque.



- **Campaña lazo branco:** outra campaña de denuncia da violencia de xénero. No 2016 leváronse a cabo varios actos por parte da concellaría de Benestar Social e Igualdade como un casting para unha escenificación teatral, a obra de teatro "Irene Mendiluce" no auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns a cargo da agrupación de teatro IES María Casares de Oleiros e finalmente, no mesmo auditorio, celébrase a escenificación "Campaña Lazo Blanco" por parte do escritor Antonio Hidalgo quen organizou e dirixiu unha representación teatral coa colaboración de mozos e mozas sadenses.

TODOS OS  
DÍAS DO  
ANO SON

**25 N**

**18 - 28 NOVEMBRO: CAMPAÑA "SADA EN NEGRO"**

Máis de 70 establecementos locais súmanse a esta campaña, tingúndolo de negro a nosa vila a través dos escaparates, manequíns, roupa de traballo, etc. Vestimenta de folto en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia machista.  
www.ennegrocontraaviolencia.gal

**25 de NOVEMBRO: "EDUCANDO EN IGUALDADE"**  
Auditorio da Casa da Cultura de Sada. 19 h.

Os centros educativos do noso Concello presentan os materiais audiovisuais do seu traballo desenvolvido ao longo do curso escolar nos Obradoiros "Educando en Igualdade".

Alumnos e alumnas de Sada de todas as cursos, son protagonistas de varias curtametraxes cun mesmo lema: IGUALDADE

**28 NOVEMBRO REPRESENTACIÓN TEATRAL "IRENE MENDILUCE"**  
Auditorio da Casa da Cultura de Sada.  
Agrupación de teatro IES MARIA CASARES (Oleiros).

**9 DECEMBRO. ESCENIFICACIÓN "CAMPAÑA LAZO BLANCO"**  
Auditorio Casa da Cultura de Sada. 19 h.

O escritor Antonio Hidalgo organiza e dirixe unha representación teatral ca colaboración de mozos e mozas sadenses.

**18 - 28 NOVEMBRO: CAMPAÑA "SADA EN NEGRO"**

**Y ANDARA IGUALDADE**

"ANDAINA SOLIDARIA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

Organiza: Consorcio As Mariñas.  
Saída: 10:30 h. A Fábrica en Santa Cristina (Oleiros).

Unha andaina de film totalmente accesible. Percorreremos a ría do Burgo, transcendendo polos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo, está previsto a chegada ao mesmo punto de saída sobre as 12:30 h.

Organiza: Consorcio As Mariñas

Colabora: Cruz Vermella

IES O Mosteirón  
IES Isaac Díaz Pardo  
CEIP Pedro Barré de la Maza.

CEIP Sada y Contornos  
Escola Infantil de Carmeado.

**CAMPAÑA**

**LAZO BLANCO**

**SADA**

**Venres 9 de decembro**  
**20 H. CASA DA CULTURA DE SADA**

**Escenificación teatral**  
**"LAZOS DE VIDA"**  
dirixida por  
**Antonio Hidalgo**  
Ca colaboración de  
**Pepe Piña**  
(músico cantautor)

Colabora

**CAMPAÑA LAZO BLANCO, SADA 2016**

BUSCAMOS MOZOS E MOZAS  
ENTRE 18 E 30 ANOS  
PARA ESCENIFICACIÓN NUN PROXECTO SOCIAL  
COLABORACIÓN VOLUNTARIA. NON REMUNERADO.

CONTACTO:  
Telf: 608 48 48 81  
sadaennegro@gmail.com

CAMARA | ESCENA | TOMA

**CASTING**

Concellería de Benestar Social e Igualdade  
Concello de Sada

E3.OO2. Divulgar as oportunidades formativas que existen en temática de igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero promovida pola Xunta de Galicia, Instituto de la Mujer e outras entidades de recoñecido prestixio co fin de que o persoal docente ou persoal de ocio e tempo libre, de actividades artísticas e deportivas coñezan coeducación, a igualdade de oportunidades e como deben aplicar no seu día a día.

Resultado: Abordada

As diferentes entidades Instituto de la Mujer, FEGAMP, Deputación da Coruña, EGAP.. ofertan cada ano cursos en materia de igualdade dos que se informa ao persoal do Concello.

E3.OO2. Realizar obradoiros de actividades educativas nos centros escolares do Concello tanto nos IES como cos CEIP.

Resultado: Abordada

- **Programa “Educando en Igualdade”**: durante o curso 2016-2017 desenvolveuse o programa “Educando en Igualdade”, con actividades de coeducación no ámbito educativo, nos centros IES Isaac Díaz Pardo; IES Mosteirón; CEIP Mosteirón; CEIP Pedro Barrié de la Maza; CEIP Sada e Contornos e EEI Mosteirón. O obxectivo xeral do programa é impulsar e dinamizar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres no ámbito da educación non universitaria.



- **Programa de prevención da violencia de xénero na idade adolescente "Suprime o CONTROL"**: O 20 de abril de 2018 chegou a Sada o programa socioeducativo "Suprime o CONTROL", unha iniciativa da área de Igualdade da Deputación da Coruña e a Garda Civil, coa colaboración da concellaría de Benestar e Igualdade do Concello de Sada, que pretende previr as situacións de violencia de xénero, sobre todo na idade adolescente, e informar as familias sobre os riscos das novas tecnoloxías.

**ENCANTO COAS FAMILIAS**  
PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE PREVENCIÓN DA  
VIOLENCIA DE XÉNERO  
2017 - 2018  
**SUPRIME O CONTROL**

Charla sobre a problemática da  
VIOLENCIA DE XÉNERO  
e as novas tecnoloxías

Pautas e ferramentas  
que permitan abordar as formas da violencia de xénero na  
adolescencia

Venres 20 de abril ás 18h  
Salón de Plenos da Casa do Concello de Sada  
Edificio Antiga Ajudantía, Avenida do Porto, 26

Deputación DA CORUÑA  
IGUALDADE DE GALICIA  
SUPRIME O CONTROL

**- Obradoiros de Igualdade e Prevención da violencia de xénero: (2018)**

Obxectivo: Impulsar e dinamizar medidas educativas fomentando a igualdade entre mulleres e homes a través de actividades coeducativas no ámbito comunitario.

Persoas participantes: Alumnado de 2º e 3º da ESO e de educación infantil e primaria dos seguintes centros educativos:

Dous IES: Isaac Díaz Pardo e O mosteirón.

Dous CEIPS: Sada y sus contornos, Pedro Barrie de la Maza.

Unha EEI: Carnoedo.

Contidos dos talleres e metodoloxía:

A metodoloxía empregada foi participativa e de adaptación as características do grupo, idade. Traballáronse dinámicas relacionadas para detectar e reflexionar sobre os roles e estereotipos asumidos polo alumnado, dinámicas favorecedoras ao recoñecemento de sentimentos e a súa verbalización, dinámicas de igualdade en “ cousas de nenas e cousas de nenos”, dinámicas de recoñecemento de que é a violencia de xénero e na procura de solucións adecuadas para a resolución de conflitos.

**- Quen dixo medo:** a Concellería de Benestar Social do Concello de Sada ofreceu aos centros de ensino de primaria e de secundaria e Bacharelato as actividades que oferta a Deputación Provincial enmarcadas na campaña “Quen dixo medo”, campaña de sensibilización contra a violencia de xénero. Nos IES Isaac Díaz Pardo e o Mosteirón desenvolveuse o obradoiro NAS TICS MANDAS TI, a cargo de persoal especializado e dirixido ao alumnado de 4º da ESO. O obradoiro aborda os tipos de violencia a través do uso das novas tecnoloxías e as habilidades do tratamento das mesmas: cyberbullyng, ciberviolencia de xénero, sexting....Dentro da mesma campaña o CEIP Pedro Barrie de la Maza de Mondego desenvolveu actividades de contacontos e obradoiro de manualidades dirixido ao alumnado de 6º de educación infantil.





E3. OO1. Difundir entre o empresariado e organizacións de Sada as axudas para a implantación de Plans de Igualdade nas empresas e os seus beneficios

Resultado: Pendente

Queda pendente para o próximo Plan articular esta medida para incentivar ao empresariado a implantar Plans de Igualdade.

E3.OO3. Organizar módulos de Igualdade dirixidos a poboación xeral para darlles a oportunidade de formación a todas as persoas.

Resultado: Abordada

- **Curso: “Diversidade, Inclusion e Intervención Sociocomunitaria”**: do 4 ao 6 de xullo de 2018 a Casa da Cultura de Sada acolleu este curso organizado pola concellería de benestar social e igualdade. Temas como “Diversidade sexual e diversidade funcional”, “Diversidade afectivo-sexual e xénero”, “Dereitos sociais e empoderamento social”, “A situación da muller no mundo actual: perspectivas de cambio e alternativas para un mundo de igualdade e convivencia” ou “Diversidade e igualdade: o papel dos servizos educativos, de saúde e sociais na procura dunha vida en comunidade”, formaron parte do programa, entre outros.



E3.OO3. Incorporar nas accións formativas promovidas polo concello que teñan unha duración superior a 20h. un módulo en sensibilización de igualdade de xénero.

Resultado: Pendente


A acción queda pendente para o próximo Plan de Igualdade, mais en cursos de maior duración.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 3			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100 %		
Accións	71%		

## Eixe 4. Promoción económica e emprego.

<b>Obxectivos Operativos</b>	<b>4</b>	
Abordados	4	100%
Pendientes	0	0%

<b>Accións</b>	<b>10</b>	
Abordadas	9	90%
Pendientes	1	10%



## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Impulsar a integración laboral e o emprendemento das mulleres en condicións de igualdade, así como fomentar unha cultura laboral máis igualitaria e diversificada. **Abordado**

## OBXECTIVO OPERATIVO

EE4.OO1 Coñecer e visibilizar a situación diferencial das mulleres e dos homes de Sada respecto á economía e ao emprego **Abordado**

E4.OO2. Adecuar as políticas e os servizos para o emprego ao principio de igualdade de oportunidades **Abordado**

E4.OO3. Promover o acceso das mulleres de Sada ao emprego estable en condicións de igualdade **Abordado**

E4.OO4. Diversificar opcións profesionais **Abordado**

## ACCIÓNS

E4.OO1. Introducir de xeito sistemático a variable sexo en todas as estatísticas, bases de datos recollidas de información relacionadas con ámbito de emprego, a formación para o emprego e a promoción económica no concello.

**Resultado: Abordada**

Desde a área de emprego recóllense os datos tendo en conta o sexo das persoas que participan do servizo e de feito prográmanse accións específicas para mulleres para dar resposta ás demandas detectadas.

E4.OO2. Formar en igualdade de oportunidades ao persoal responsable de programas e servizos de asesoramento para o emprego, formación para o emprego, autoemprego e creación de empresas.

**Resultado: Pendente**

Durante o período de desenvolvemento do II PIOM non se formou ao persoal en igualdade quedando pendente de incluír a acción no seguinte Plan de Igualdade, mais reformulada en unha mais xenérica incluíndo ao resto do persoal.

E4.OO2. Adaptar a oferta formativa para o emprego tanto as necesidades do mercado laboral como as das mulleres que se desexan incorporar a el.

**Resultado: Abordada**

Como demostran os datos para as mulleres resulta máis difícil incorporarse ao mercado laboral. Desde emprego teñen entre as súas prioridades este obxectivo e mesmo programan formación específica para mulleres con este fin:

- **Obradoiro: “Empoderamento da muller como persoa socia da cooperativa”**: organizado pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sada e AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias) do 16 ao 29 de setembro de 2016. Durante sete sesións, as persoas asitentes recibiron formación tanto sobre igualdade de oportunidades e empoderamento da muller no ámbito profesional como de xestión empresarial e cooperativa. Doutra banda, tratouse de detectar e analizar que barreiras atopan as socias de entidades cooperativas á hora de adquirir roles máis activos e modos de eliminalas.



**-Curso de redeiras:** o Concello de Sada, en novembro de 2016 organizou un curso de redeiras dirixido a mulleres que queiran aprender o oficio e dedicarse á confección, reparación e mantemento de artes e aparellos de pesca. Unha aposta pola recuperación tanto do emprego local como dos oficios tradicionais do municipio froito da firma dun convenio de colaboración entre a Confradía de Pescadores de Sada e o Concello .



**- Xornadas de coaching para mulleres:** dirixida a desempregadas maiores de 45 anos, o Concello de Sada a través da Concellería de Urbanismo e Emprego, organizou dentro do Plan de Formación Municipal para o Emprego unhas xornadas gratuitas de coaching: "Ferramentas para a procura de Emprego" en novembro de 2017.

## **XORNADAS DE COACHING:**

*FERRAMENTAS PARA A PROCURA DE EMPREGO*



**DIRIXIDO A: MULLERES DESEMPREGADAS QUE TEÑAN MAIS DE 45 ANOS DO CONCELLO DE SADA**



- **Proxecto "Mulleres do Mar"**: destacar a importancia do traballo das mulleres do mar e facelo máis visible é un dos obxectivos deste proxecto desenvolvido polo Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Sur. Dentro do sector atópanse mariscadoras (a pé ou a flote), recolectoras de algas, pescantinas, redeiras, armadoras, empresarias, traballadoras da industria ou do sector comercial, profesionais do ámbito científico-académico, guías turística o mulleres vinculada profesionalmente co mar e as animan se queren aportar os seus coñecementos e experiencias, a "formar parte dunha organización comprometida coas realidades das mulleres do sector do mar". A presentación do proxecto tivo lugar o 19 de outubro de 2018 no Salón de Plenos.



-**Cláusulas sociais nas contratacións**: cláusulas de emprego social, de igualdade de homes e mulleres, medioambientais e de comercio xusto, así como a previsión de reserva de contratos a entidades de carácter social, como medio de loita contra a exclusión social, ademais de xeración de emprego para persoas con discapacidade e en situación de precariedade laboral e de fomento de igualdade de oportunidades.



E4.OO2 /OO3 Fomentar, incentivar e apoiar a continuidade das iniciativas empresariais promovidas por mulleres a través da oferta de axudas, asesoramentos, formación, e acompañamento no proceso de definición e consolidación da idea empresarial.

Resultado: Abordada

Desde a Axencia de Desenvolvemento Local préstase asesoramento a aquelas mulleres que queren emprender, incentivando a iniciativa empresarial. Tamén se informa das axudas que teñen como colectivo prioritario as mulleres, como as de promoción do emprego autónomo da Xunta que se incrementan nun 25% se a persoa incorporada é unha muller. Tamén tramítanse as axudas do programa Emega para fomentar o emprendemento feminino en Galicia.



Tamén desenvolveranse as xornadas de fomento do emprendemento “A forza do Local” en abril de 2016.

AEDL SADA

igape»

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

AFIGAL

aje  
Provincia de A Coruña  
Unión Empresarial

ATA

ugacata

fi pro ce

consello ONISEI

XORNADAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

**A FORZA DO LOCAL**

21 e 22 de abril

Casa da Cultura Pintor Lloréns  
Paseo Marítimo, s/n - Sada

<http://afiprodel.org/aedlsada>

AEDL  
AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

E4.OO3 Ofertar formación para as mulleres en competencias clave e a formación para obtención do título da ESO.

Resultado: Abordada

O Concello de Sada a través dá concellaría de empr

ego ofrece cada ano un curso gratuíto de formación en competencias crave e mesmo oferta gratuitamente o autobús para ir a Silleda a facer o exame.

A poster for 'PREPARACIÓN EXAME' for 'competencias clave'. It features a green arrow pointing right with the text 'Convocado 21/05/2016'. Below the arrow is a small logo with the text 'competencias clave'. A purple box contains the text 'Más información aquí'. The text 'Plan FORME' is followed by details: 'Inicio: 12 de abril de 2016', 'Duración: 92 h.', 'Horario: 9:30 h. a 13:30 h.', 'Martes, mércores, xoves e venres', 'Lugar: Cámara Agraria, Riobao, s/n', and 'Inscripcións: <http://goo.gl/forms/tv1pKcbKR3>'. At the bottom left is the AEDL logo with the text 'AEDL' and 'Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local'. To the right is the phone number 'Tl.: 881.92.90.57/981.62.00.75' and the email 'aedl@concellodesada.com'.

E4.OO3/OO4 Levar a cabo programas que permitan ás mulleres adquirir capacitación e práctica naqueles sectores nos que se encontran subrepresentadas e nos sectores emerxentes de emprego.

Resultado: Abordada

Desde a área de emprego e a Axencia de Desenvolvemento Local ofértanse varias formacións ano tras ano. Entre elas inclúise por exemplo cursos gratuítos de manipulación de alimentos frescos, de poda, de mantemento de embarcacións, de comercio e actividades de venda, de operario/a de tratamento de cefalópodos, de control da flora invasora ou curso de carretillero/as e auxiliar de almacén. Ao tratarse na súa maioría de sectores masculinizados anímase as mulleres a optar a eles dunha maneira activa.

CONCELLO DE SADA

**Curso de Almacenista e Carretilla Elevadora**

**DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA**

Desde: DO 1 ao 22 de decembro  
 (luns a venres)  
 Horario: 09:00 - 14:00 horas  
**GRATUITO**  
 Plan de Formación Municipal para o  
 Emprego

**INSCRIBETE**

A través do enlace:  
<https://goo.gl/D2Xz2j>  
 na web [www.esde.es](http://www.esde.es)  
 ou na Axencia de Emprego e  
 Desenvolvemento Local.

**PRAZO DE INSCRICIÓN**

Ata o 29 de novembro

**¿QUERES SABER MÁIS?**

Contacta con nós:  
 881929057 - 620766100

**REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Preferentemente  
 empadroada no  
 Concello de Sada



**PLAN FORME**

**ÁRBORES FRUTAIS DE PEBIDA, OSO E KIWI**

**CURSO DE PODA**  
 10 h.

25, 26 e 28 DE FEBREIRO

CENTRO SOCIAL DE VEIGUE

2019



E4. OO4 Asesorar aos equipos de orientación educativa para a ruptura de roles e estereotipos na formación de expectativas e opcións académicos e laborais dirixidas ao alumnado nos últimos cursos de ESO promovendo unha maior diversificación profesional

Resultado: Abordada

Tras reunirse cos equipos de orientación educativa aseguraron que teñen entre os seus obxectivos a formación en igualdade de oportunidades e a ruptura de estereotipos á hora de elixir carreira profesional. Obradoiros e actividades como “Educando en Igualdade”, “Quen dixo medo” ou “Suprime o control”, organizadas por concello e/ou deputación, tamén pretenden contribuír á educación en igualdade.

Na aula Cemit organizouse o obradoiro: “E EU QUE PODO SER DE MAIOR? NOVOS PERFÍS DIXITAIS”, en novembro de 2018, para incentivar as vocacións tecnolóxicas na adolescencia sector onde as mulleres están subrepresentadas.

E4. OO3/OO4 Facilitar as nenas rapazas e mulleres novas a aprendizaxe de habilidades e actitudes sobre liderado, empoderamento persoal autoafirmación asertividade traballo en equipo etc.

Resultado: Abordada

A acción coincide coa E2.OO3. “Facilitar as nenas mozas e mulleres a aprendizaxe e adestramento en habilidades e actitudes sobre liderado, empoderamento persoal, autoafirmación, asertividade, traballo en equipo etc.”

**E4.OO3 Desenvolver programas de alfabetización dixital para mulleres e formación en novas TICs que rompa coa fenda dixital, o illamento e fomente a participación social e económica.**


**Resultado: Abordada**

Desde a aula Cemit de Sada ofrécense cada ano varias accións de formación destinadas á alfabetización dixital ou a procura de emprego. Sirva como exemplo:

**-2016:** aplicacións de Google, iniciación á informática, elaboracións de presentacións ou procesador de textos.



**-2017:** usos dos dispositivos móbiles e tabletas, fotografía dixital en ordenadores e dispositivos móbiles e trucos de edición, aprender a comunicar a través de Internet, whatsapp, correo electrónico e aplicacións de vídeoconferencia...



**-2018:** obradoiro gratuito "A túa WEB e o teu BLOG dende a CREACIÓN á PROMOCIÓN" para persoas emprendedoras e PYMES.



E4.OO3 Contemplar a adecuación dos horarios dos programas de formación para o emprego para a conciliación da vida familiar.

Resultado: Abordada


Desde a área de emprego trátase de adecuar os horarios dos programas de formación para tratar de favorecer a conciliación. Tamén organízanse desde o Concello campamentos para o alumnado durante as vacacións escolares.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 4			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100%		
Accións	90%		

## Eixe 5. Conciliación e Corresponsabilidade.

Obxectivos Operativos	2	
Abordados	2	100%
Pendientes		

Accións	8	
Abordadas	6	75%
Pendientes	2	25%





## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral da cidadanía, fomentando cambios de actitudes favorables á corresponsabilidade de funcións sociais no ámbito doméstico.

Abordado

## OBXECTIVO OPERATIVO

E5.OO1. Sensibilizar ao conxunto da cidadanía de Sada sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes no desempeño do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes Abordado

E5.OO2. Xerar unha rede de servizos sociocomunitarios diversos e flexibles Abordado

## ACCIÓNS

E5 OO1 Realizar campañas e outras actividades dirixidas ao conxunto da poboación orientadas a difundir a necesidade de que homes e mulleres se corresponsabilicen na realización de labores do fogar coidado de persoas e educación dos fillos e fillas.

Resultado: Abordada

No programa "Educando en igualdade" desenvolvido a finais de 2016 abordárase a importancia da coeducación e a corresponsabilidade. Consistiu en varios obradoiros nos centros educativos do municipio e a rodaxe dunha curtametraxe como xa se explicou.

E5.OO1 Incentivar a utilización por parte dos homes de permisos e licenzas para o coidado de menores e persoas dependentes.

Resultado: Pendente

Non se fixo unha acción concreta para incentivar que os homes utilicen permisos e licenzas para labores de coidado. Queda pendente para o próximo Plan de Igualdade.

E5.OO1 Difundir en colaboración coa área de Promoción económica e emprego entre o empresariado e sindicatos do municipio experiencias de boas prácticas en materia de corresponsabilidade e conciliación levadas a cabo no ámbito laboral.

Resultado: Pendente

Esta medida tamén queda pendente para o próximo Plan de Igualdade.

E5.OO1 Fomentar o desenvolvemento de programas de formación e reciclaxe para aquelas persoas que abandonaron o seu traballo por asumir o coidado familiar e agora desexan reincorporarse ao mundo laboral

Resultado: Abordada

As persoas nesta situación son un colectivo prioritario xa que atopan importantes dificultades para reincorporarse no mercado laboral. Desde Emprego lévanse a cabo diversas actuacións para favorecer esta reciclaxe profesional, por exemplo obradoiros como "Recursos e ferramentas para a busca activa de emprego" e as xornadas "Ferramentas de mobilidade na Unión Europea" en abril de 2016, en colaboración coa Cámara de Comercio. Tamén organizou formación específica de Carretilleiro/a e Escaparatismo en marzo de 2017, curso en colaboración con Cambre de formación en Atención Sociosanitaria especializado en xeriatría e discapacidade, Curso de Almacenista e Carretilla Elevadora, de operario/a de tratamento de cefalópodos, en 2018 Curso de Coordinación de Servizos de Socorrismo Acuático, Fomento do Cooperativismo e da Economía Social, "Por que non traballamos en equipo?" E diversos cursos de manipulación de alimentos entre outros.





## OBRADOIROS “RECURSOS E FERRAMENTAS PARA A BUSCA ACTIVA DE EMPREGO”

Co obxectivo de axudarvos a mellorar as vosas habilidades e de coñecer as técnicas e medios para a busca activa de emprego desenvolveremos unha serie de xornadas formativas:



SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO

Xornada informativa:

### Ferramentas de mobilidade na Unión Europea

GRATUITA

Direxida a persoas emprendedoras, desempregadas e estudantes

**Venres 13 de maio de 9:30 a 11:00 h.**

Casa da Cultura Pintor Lloréns

Inscripción: **881 929 057**

ou clicando: <http://goo.gl/forms/dRuCjIXzu>



CONCELLO DE SADA

PLAN FORME

### Curso de Operario Polivalente de Cefalópodo

#### DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA

Data de Inicio: 27 de agosto

Nº de Horas: 85.

Horario: Parte Teórica 25 horas (l - v)

27 -31 de agosto (09:00 - 14:00)

Prácticas en Empresas: 60 horas (l - v)

03 - 21 setembro (4 horas día)

#### ¿QUERES SABER MÁIS?

Contacta  
981620075  
687676854

#### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Preferentemente  
Empadroados no  
Concello de Sada

Disponibilidade  
Horaria



## E5.OO2 Divulgar os recursos e servizos de conciliación existentes no municipio.

Resultado: Abordada

Os servizos de conciliación existentes no municipio divúlganse convenientemente a través de carteis, redes sociais e a web municipal.

Desenvolveranse campamentos en períodos de vacacións escolares como verán, nadal ou o entroido.


Cartel de promoción para os 'OBRADOIROS DE NADAL'. A imaxe principal mostra un pingüino de feltro azul e branco. O texto inclúe: Concellería de Educación, Xuventude e Saúde, Concello de Sada; **Nenos/as nados**; Entre 2014 e 2006 (inclusive); 26, 27, 28 decembro e 2, 3 e 4 xaneiro; C.E.I.P. Pedro Barrié (Mondego); 08:45 a 14:00 h; **OBRADOIROS DE NADAL**; Cuota: 20 € (sin bus) / 40 € (con bus); Mínimo 30 solicitudes para que haxa este servizo; Prazo inscrición: Do 22 de nov. ao 5 dec (18:00 h.); Máis Información: OMIX Sada www.sada.gal; Logos de Facebook e Instagram.

Cartel de promoción para 'CONCILIANDO NO ENTROIDO'. A imaxe principal mostra unhas mans a montar unhas letras de entroido feitas de botelliños de plástico. O texto inclúe: Concellería Educación, Concello de Sada; 4 e 6 de marzo; Ceip Pedro Barrié de la Maza (Mondego); Actividades infantís gratúitas; Horario de 08.45 a 14.00h; Nenos/as nados entre 2015-2007; Inscrición: até o 27 de febreiro; +INFO: www.sada.gal; Logos de Facebook e Instagram.

Ademais lévanse a cabo actividades extraescolares ano tras ano no programa Sada Educa ou o programa dependente de Servizos Sociais de REFORZO EDUCATIVO dirixido a menores en situación de risco social.

En coordinación coa Concellería de Educación e dentro da oferta de actividades extraescolares que organiza e financia dita concellería, desenvolveuse este proxecto dirixido a menores que presentan unha problemática específica, de xeito xeral: falla de apoio familiar no desenvolvemento educativo ben por causas estruturais, persoais, de recursos en xeral etc. Durante dous días a semana en horario de tarde e dúas horas cada día reciben apoio de reforzo nas tarefas escolares de xeito gratuíto.

Participaron un total de cinco rapaces e tres rapazas que están a cursar algún curso da ESO durante 2018.



Ademais Sada conta cunha escola infantil municipal e outra da rede Galiña Azul.



### **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA “FLORITA” Datos 2018.**

Programa específico de atención á primeira infancia de titularidade municipal en instalacións municipais que posibilitan a conciliación da vida familiar e laboral.

#### **Actuacións**

Atención educativa en 9 unidades.

Atención psicopedagóxica.

Comedor propio.

Actividades extraescolares.

Saídas socioeducativas.

#### **Recursos persoais e materiais**

Materiais didácticos: plastilina, pintura de dedos, ceras brandas, arcilla, cartulinas, etc.  
psicomotricidade: piscinas de bolas, túneles de gateo, etc Xogo simbólico: cocinillas, bonecas, coches, etc. Lectura: contos, láminas imaxes, fotos, etc. Materiais para o descanso a hixiene e alimentación dos pequenos: cunas e a súa lencería, camas, útiles de hixiene e todo o relativo a

alimentación: biberóns, platos, vaixelas, potas, etc.

Horario de funcionamento

8:00-20:00, XULLO E AGOSTO, 8:00-16:00

Período de peche / vacacións

ULTIMOS 6 DÍAS HABILES DO MES DE AGOSTO

Unidades do centro

Número de unidades	Tipo de unidades	Número de prazas
2	INFANCIA 0-1	16
4	INFANCIA 1-2	52
3	INFANCIA 2-3	60

Persoal do Centro

Tipo de persoal	Categoría	Número de efectivos
PROFESIONAL	EDUCADORES/AS	8
SERVIZOS XERAIS	PERSOAL DE COCIÑA	2
PROFESIONAL	PERSOAL DE DIRECCIÓN	1
SERVIZOS XERAIS	PERSOAL LIMPEZA / LAVANDERÍA	2
ATENCION DIRECTA	PERSOAL EDUCATIVO DE APOIO	9

Nº de prazas ocupadas a 31/12/2018: 110

E5.OO2 Continuar desenvolvendo actividades para nenos e nenas fora do horario escolar e en períodos de vacacións tendo en conta a perspectiva de xénero o fomento da corresponsabilidade e a resolución pacífica de conflitos.

Resultado: Abordada

A acción desenvolverase como xa se explicou cos campamentos de conciliación durante as vacacións escolares e o programa Sada Educa.

E5.OO2 Dar continuidades a labor das Escolas Infantís e promover o uso do centro de día para persoas maiores dependentes.

Resultado: Abordada

Sada conta don dúas escolas infantís, unha municipal e outra da galiña azul como detallouse na acción anterior, ademais dun Centro de día para persoas maiores en Mondego.



E5.OO2 Desenvolver accións positivas nos procedementos de admisión e subvención para a participación de actividades como campamentos, obradoiros e todo tipo de actividades de lecer co fin de facilitar a participación ás familias monoparentais ou con escasos recursos.

Resultado: Abordada


Efectivamente para os campamentos de conciliación ofértanse un desconto do 20% para Familias monoparentais e dun 40% para Desemprego+Familia monoparental. Para a escola infantil municipal reservase un número de prazas para servizos sociais e entre os criterios de valoración tamén se premian as necesidades de conciliación.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 5			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100%		
Accións	75%		

## Eixe 6 Saúde, Benestar e Calidade de Vida

Obxectivos Operativos	7	
Abordados	7	100%
Pendientes		

Accións	13	
Abordadas	13	100%
Pendientes		



## OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

E6. OE1. Promover a mellora da calidade de vida das mulleres, especialmente aquelas que se atopen nunha situación de desvantaxe social **Abordado**

E6. OE2. Promover unha participación e valoración igualitaria de mulleres e de homes na cultura, medios de comunicación, ocio e deporte. **Abordado**

## OBXECTIVOS OPERATIVOS

E6. OE1. OO1. Coñecer a situación da saúde e o benestar psicosocial de mulleres e homes do municipio **Abordado**

E6. OE1. OO2. Promover hábitos de vida saudables para contribuír ao benestar físico e psíquico de mulleres e de homes dende unha perspectiva de xénero **Abordado**

E6. OE1. OO3. Impulsar programas específicos de benestar e saúde para colectivos con especial vulnerabilidade **Abordado**

E6. OE1. OO4 Establecer vías de colaboración con asociacións e entidades especializadas **Abordado**

E6. OE2. OO1. Informar dos recursos municipais e actividades dirixidas á cidadanía en materia de cultura, lecer e deporte, impulsando e promovendo a participación das mulleres do municipio no mundo da cultura e do deporte. **Abordado**

E6. OE2. OO2. Introducir o enfoque de xénero no ámbito da cultura e do deporte **Abordado**

E6. OE2. OO3. Promover a participación en actividades de deporte, lecer e cultura afastados de estereotipos de xénero **Abordado**

## ACCIÓNS

**E6.OE1.OO2 Fomentar a educación para a saúde individual e grupal en relación coas distintas etapas da vida e con enfoque de xénero**

**Resultado: Abordada**

Desde diferentes áreas do Concello prográmanse actividades saudables cunha alta participación das mulleres do municipio, sirvan como exemplos as seguintes:

-Actividades de fomento da calidade de vida e autonomía personal desde Benestar Social (2018):

Taller de Reforzo da Memoria:

Obxectivo: Previr a aparición de trastornos da memoria, promover o aprendizaxe a través do adestramento de extratesias mnemotécnicas e práctica da súa utilización.

Número de persoas participantes: 45

Número de grupos: tres

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño

loga:

Obxectivo: mellorar a mobilidade corporal xeral, reducir o estrés e evitar desequilibrios, favorecer actitudes positivas e previr a dependencia.

Número de persoas participantes: 39

Número de grupos: tres

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño



### Ximnasia Terapeutica:

Obxectivo: mellorar a mobilidade corporal xeral, reducir o estrés e evitar desequilibrios, favorecer actitudes positivas e previr a dependencia.

Número de persoas participantes: 45

Número de grupos: tres

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño

### Taichi:

Número de persoas participantes: 38

Número de grupos: tres

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño

### \* Actividades de fomento da creatividade:

#### Pintura.

Obxectivos: Mellorar a capacidade de concentración, promovendo a expresión artística e espertar a creatividade d@s participantes.

Número de persoas participantes: 30

Número de grupos: dous

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño

#### Restauración.

Obxectivos: Manter a motricidade fina, a atención e a concentración, coñecer os diferentes tipos de técnicas de restauración e desenvolver a creatividade.

Número de persoas participantes: 15

Número de grupos: un

N.º de sesións: unha sesión semanal de dúas horas de duración.

Calendarización: Outubro a Xuño


### \* Actividade de fomento da convivencia e participación social

1. Actividade de clausura anual: consiste nun acto de clausura onde os participantes que o desexan amosan o traballo realizado e unha exposición durante a primeira quincena de xullo na Casa da Cultura das obras realizadas na actividade de pintura.

2. Actividade lúdica que consiste nunha saída de interese cultural e xantar dirixida a todo-os participantes ao remate do curso

- **Charlas de vida saudable** : foron organizadas polo Consello sectorial Benestar Social, Muller e Saúde en agosto de 2017. A actividade consistiu en dúas accións. A primeira, unha enquisa para coñecer as necesidades dos veciños e veciñas e ás súas inquiredanzas neste ámbito. A segunda as charlas impartidas pola doctora Rexina Basadre e o doctor Francisco Rodríguez Caramazan onde explicaban as vantaxes e conveniencia do exercicio físico e saudable, os hábitos para unha mellor alimentación, e os roteiros existentes nas parroquias.





- **Sadanda**: froito do Consello de consello sectorial de Benestar, Muller e Saúde a finais do 2017 xorde esta iniciativa. Se trata dun programa saudable para que a xente camiñe e retomen as relacións sociais coa especial atención ao colectivo de mulleres.


- **Sendereando**: A Concellería de Educación, Xuventude e Saúde programa varias rutas cada ano dentro do programa Sendereando.



E6.OE1.OO2 Fomentar as revisións de saúde para a muller protocolarizadas no Servizo Galego de Saúde facéndose eco das campañas informativas a nivel estatal e comunitario

Resultado: Abordada

- **"Empoderamento da muller con cancro de mama"**: Durante o ano 2018 o municipio de Sada participou deste proxecto do Servizo Galego de Saúde. Entre os obxectivos desta iniciativa destacan; desenvolver ferramentas que faciliten a autoxestión da saúde por parte das doentes diagnosticadas de cancro de mama, participación da doente con cancro na política sanitaria, para unha abordaxe sustentable do tratamento do cancro garantindo a calidade asistencial ou propoñer iniciativas conxuntas para mellorar o acceso da cidadanía ao sistema público de saúde.



E6.OE1 OO1/OO3 Coñecer e atender os casos de múltiple discriminación como poden ser mulleres inmigrantes, con diversidade funcional en risco de exclusión social en situación de dependencia en contexto de prostitución. etc.

Resultado: Abordada

Se tomamos como referencia os datos máis actuais da vixencia do II Plan de Igualdade, en 2018 e segundo os datos do SIUSS en Servizos Sociais e dentro do programa de información, orientación e asesoramento 4831 persoas foron atendidas delas 3010 mulleres.

E6. OE1.OO1/ OO3 Identificar as necesidades das persoas cuidadoras no contorno familiar a partir das cales se poidan deseñar programas e servizos orientados ao asesoramento , a rehabilitación e fisioterapia ao apoio ao cuidador, ao respiro familiar en fins de semana e períodos de vacacións etc. e á necesaria corresponsabilidade de homes e mulleres.

Resultado: Abordada

-**Talleres para persoas cuidadoras**: os Servizos Sociais do Concello de Sada, ofrece información e asesoramento así como apoio para as cuidadoras de persoas dependentes. En 2016 en colaboración con Fundación Mulleres ofreceuse un taller para persoas cuidadoras.

A flyer for the 'Servizo de Atención a Coidadoras'. It features a word cloud on the left with terms like 'autoprotección', 'apoyo', 'mulleres', 'rehabilitación', 'saúde', and 'tiempo'. On the right, there is a questionnaire section titled 'Es ou fuches cuidadora de persoas dependentes?' with a list of services: 'Información e asesoramento', 'Apoio individual', and 'Obradoiros grupais' (Autocoidado e xestión do estrés, Mellora da autoestima). At the bottom, there is contact information for the 'Servizos sociais municipais' and logos for 'Fundación Mulleres' and 'Deputación de Sada'.

**E6 OE1.OO3 Continuar cos programas de atención a colectivos de especial vulnerabilidade: mulleres xitanas, mulleres inmigrantes, mulleres con discapacidade , mulleres ex-reclusas, mulleres prostitutas, etc.**

**Resultado: Abordada**

De Servizos Sociais dependen varios programas nos que se presta apoio a mulleres en situación de vulneabilidade:

Programas dos servizos sociais comunitarios básicos:

P.1. Programa de Información, orientación e asesoramento:

- Información, Orientación e Asesoramento Social
- Asesoría Xurídico Social

P.2. Familia e Convivencia:

- Servizo de Axuda no Fogar
- Servizos complementarios de Teleasistencia e Xantar no Fogar.
- Servizo de Educación e Apoio Familiar.
- Servizo de Atención persoal e Familiar.
- Medidas de apoio para a inclusión Social.

P. 3. Dinamización e Inserción Social:

- Proxecto específicos de inserción social.
- Gabinete de Inserción Socio-Laboral

P.4. Prevención, Participación e Cooperación Social:

- Fomento da cooperación e solidariedade.

Desenvolve os seguintes proxectos específicos:

- Proxecto específico de att á terceira idade: Envellecemento Activo.
- Proxecto específico de atención á Diversidade Funcional: Universo Diverso
- Escola Infantil municipal de 0 a 3 anos

A meirande parte das persoas pertencen ao colectivo de persoas maiores (1.610) e familias (1.220), seguido de persoas con discapacidade (679), sendo de xeito xeral, maior o número de mulleres que de homes (Datos SIUSS 2018)

As actuacións durante o 2018 foron:

- De información interna (do sistema público de servizos sociais): 680
- De información externa: 90
- De derivación: a meirande parte, 528, de apoio á unidade de convivencia, 260
- actuacións específicas de prevención e inserción e 340 de prestacións económicas.
- De tramitación: 240 de apoio a unidade de convivencia, seguidas de prestacións económicas: 120 e de prevención e inserción: 60.

Tamén existen servizos consorciados xa que o concello de Sada forma parte do Consorcio de As Mariñas, consorcio formado polos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

Neste marco traballa conxuntamente no Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio de As Mariñas.

Dentro do Plan desenvólense servizos especializado de ámbito local:

- Servizo de Asesoría Xurídico Social.

Orientado a prestar asesoría xurídica as persoas usuarias dos servizos sociais, fundamentalmente a aquelas que carecen de medios para sufragar este servizo de xeito privado. Dende as UTS de zona e a través dun protocolo formalizado derivanse os casos susceptibles para que sexan atendidos cando o profesional acude ao concello: tres veces ao mes.

Este servizo pode prestar tamén asesoramento xurídico aos profesionais dos servizos sociais cando é necesario.

- Gabinete de Inserción Socio-Laboral.

Servizo pensado para reforzar os procesos de inserción laboral sobre todo naqueles casos que se atopan nunha situación de desvantaxe social: persoas con discapacidade, persoas en situación de risco social con escasos recursos para a inserción.

Ademais dos servizos especializados de ámbito local dende o Plan Coordinador a través de mesas de traballo segundo a materia ou ámbito que se trate, desenvólvense outras actuacións:

- Muller e Igualdade: Actividade anual contra a violencia de xénero. Andaina solidaria que se desenvolve cada ano nun o varios concellos co obxectivo de sensibilizar a poboación.
- Saúde Mental: Actividades de sensibilización e difusión no eido da saúde mental. Dende o consorcio convase anualmente o "Premio Muruzabal", dirixido a entidades de iniciativa social que premia as boas prácticas ou iniciativas no eido da saúde mental.

**E6.OE1.OO4 Colaborar con movementos asociativos e con entidades sen ánimo de lucro para crear redes de apoio a mulleres en situación de risco de exclusión social ou desvantaxe social.**

**Resultado: Abordada**

Desde Sevizos Sociais se colabora con infinidade de asociacións dunha forma recíproca. Préstase apoio a esas asociacións desde o Concello, por exemplo cediendo locais, colaborando en diversas actividades, en programas específicos, derivación de casos, asesoramentos... Entidades como Cruz Roja, Mestura, Meniños, COGAMI, Acción contra el hambre, Fundación Mujeres, Peneira, ASPACE son boa mostra diso.

**E6.OE1.OO3 Dar continuidade ao servizo de axuda no fogar**

**Resultado: Abordada**

Como mostra destacar que no ano 2017 o Servizo de Axuda no Fogar prestou axuda a 74 persoas dependentes a través do SAAD e a 48 persoas a través de libre concorrencia. Ademais en febreiro de 2018 o Concello de Sada aumentou a inversión un 118%.





E6.OE2.OO1/OO2/OO3 Incluir na programación dos servizos culturais e deportivos actividades que xeren interese tanto para homes como para mulleres. Mozos e mozas, nenos e nenas de maneira que se cree un ámbito compartido onde introducir a perspectiva de xénero e facer divulgación destas actividades coidando a linguaxe non sexista e evitando estereotipos de xénero.

Resultado: Abordada

E6 OE2. OO3/OO4 Promover a participación de mulleres mozas e nenas en actividades tradicionalmente ocupadas por homes a través de facilitarlles información e formación sobre a importancia das capacidades, habilidades, gustos e talentos individuais afastados de estereotipos de xénero.

Resultado: Abordada

E6.OE2.OO2 Promover que nas actividades de asociacións e entidades de mulleres e impulsoras de actividades culturais difundan o labor das mulleres e/ou se difundan valores de igualdade.

Resultado: Abordada

E6.OE2.OO3 Potenciar o deporte entre mulleres, mozas e nenas como hábito de vida saudable e alternativa de ocio responsable.

Resultado: Abordada

E6.OE2.OO3. Desenvolver accións positivas que incentiven ás nenas, mozas e mulleres adultas no exercicio e na práctica deportiva nas escolas ou actividades deportivas municipais, apoiando especialmente aqueles casos en que estean subrepresentadas.

Resultado: Abordada

E6.OE2.OO3. Fomentar a participación dos nenos, mozos e homes nas escolas ou actividades deportivas municipais nas que están subrepresentados.

Resultado: Abordada

Agrupamos estas accións xa que comparten indicadores. Tanto desde Cultura como desde deporte coidan especialmente a perspectiva de xénero á hora de programar as actividades.

Desde cultura, por exemplo, trátase de visibilizar o papel de muller, resaltar autoras femininas, e coidar especialmente a linguaxe inclusiva. Desde deportes trátase de destacar tamén papel das mulleres nos deportes con innumerables exemplos.

Dentro da área de Benestar Social e Igualdade tamén prográmanse actividades culturais destacando especialmente o papel da muller:

- **Festival ELAS SON ARTISTAS:** co concerto da artista galego-suíza, Nastasia Zürcher, en 2018 e a presentación do vídeo "ELAS", traballo audiovisual dirixido por Lorena Suarez do GRUPO ESPERTO coa colaboración da área de Benestar e Igualdade e onde participaron máis de 20 mulleres artistas de Sada.



- **Proxección do documental 'ARTE+MULLER+GALICIA:** o documental, dirixido por Rosario Sarmiento, foi un dos proxectos galardoados no I Concurso de Ideas 'Luísa Villalta' de Iniciativas Culturais pola Igualdade, convocado pola área de Cultura da Deputación da Coruña. O filme fai un percorrido pola vida e obra de diferentes xeracións de artistas e conta co relato en primeira persoa de diversas creadoras. Tras o documental houbo un coloquio sobre as circunstancias da muller na arte. A proxección tivo lugar o 29 de abril de 2018.




- **Valoración do fomento do deporte base, feminino e en colectivos en risco de exclusión social, así como a promoción do deporte adaptado, nas subvencións ás entidades deportivas:** en outubro de 2018 o concello convocou as axudas na área de Deportes co obxecto de dar apoio ás entidades deportivas e contribuír a fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, impulsando a igualdade e democratización da sociedade.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 6			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100%		
Accións	100%		

## Eixe 7: Acción integral contra a violencia de xénero.

Obxectivos Operativos	3	
Abordados	3	100%
Pendientes		

Accións	7	
Abordadas	7	100%
Pendientes		





## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Impulsar a prevención e contribuír a erradicar a violencia contra as mulleres, reforzando e mellorando a atención ás vítimas, ás súas fillas e fillos e á poboación de risco **Abordado**

## OBXECTIVO OPERATIVO

E7.OO1 Informar e sensibilizar á cidadanía en materia de violencia de xénero. **Abordado**

E7.OO2 Establecer vías de colaboración con entidades especializadas na materia e na atención ás vítimas de violencia de xénero, coordinando todos os axentes e servizos involucrados e reforzando a atención prestada. **Abordado**

E7.OO3 Mellorar a detección, asistencia e intervención en situacións de violencia contra as mulleres. **Abordado**

## ACCIÓNS

E7.OO1 Continuar coas accións de sensibilización contra a violencia de xénero dirixidas á cidadanía en xeral que presten especial atención ás situacións das mulleres nas diferentes idades.

**Resultado: Abordada**

E7.OO1 Colaborar en todas aquelas campañas que se desenvolvan en materia de violencia de xénero, a nivel estatal e autonómico mediante a súa difusión entre o persoal do concello, asociacións, axentes sociais, educación e as webs institucionais.

**Resultado: Abordada**

Agrupamos estas accións xa que comparten indicadores.

As diferentes actividades xa foron detalladas no eixo 3, lembremos entre elas o Concurso de Microrelatos contra a Violencia de Xénero no 2015, En negro contra as violencias: Sada en Negro, campaña de sensibilización que realizase desde 2016 con motivo do 25 de novembro, día de rexeitamento da violencia contra a muller, o recital poético “nin unha menos” ou a curtametraxe “Démoslle voz” no 2018, Concentracións contra a violencia machista ou a Campaña lazo branco.

E7.OO1 Continuar cos programas de intervención en sensibilización e formación a nivel escolar, adaptando os contidos segundo as idades e traballando sobre a resolución pacífica de conflitos, reforzando o valor da igualdade entre homes e mulleres, tolerancia e respecto e a identificación de condutas de violencia de xénero no noivado.

**Resultado: Abordada**

A acción xa foi detallada no eixo 3 cos proxectos Educando en igualdade, Quen dixo medo ou Suprime o control. Ademais e desde a concellaría de educación púxose en marcha o Programa TEI de prevención da violencia e acoso escolar. Trátase dun programa de convivencia para a prevención da violencia e do acoso escolar que implica a toda a comunidade educativa, e que está orientado a mellorar a integración escolar. O programa traballa por unha escola inclusiva e non violenta, fomentando que as relacións entre iguais, dirixido á mellora do clima e a cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia (física, emocional ou psicolóxica) Unha formación en resolución pacífica de conflitos moi aplicable ao tema que nos ocupa aínda que non estea orientado a violencia de xénero explicitamente se non ao outro tipo de violencia.



E7.OO2.OO3 Dar continuidade ao labor dos Servizos Sociais Comunitarios nos servizos de información, asesoramento e atención psicolóxica e xurídica e social en situacións de violencia de xénero, garantir unha intervención rápida nos casos de malos tratos e evitar ás múltiples discriminacións.

**Resultado: Abordada**

E7.OO2.OO3 Continuar dende os Servizos Sociais Comunitarios co labor de detección e información ás mulleres vítimas sobre recursos e servizos e programas específicos de atención coordinadamente co resto dos organismos e institucións implicadas.

**Resultado: Abordada**

Agrupamos estas accións xa que comparten indicadores.

Desde os Servizos Sociais préstase información ás mulleres vítimas, asesoramento e atención psicolóxica e xurídica e social en situacións de violencia de xénero. Tamén se da información ás mulleres vítimas sobre recursos e servizos e programas específicos de atención coordinadamente co resto dos organismos e institucións implicadas, tramitándose axudas económicas, prazas nas casas de acollida e o servizo Atenpro, Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero que, coa tecnoloxía adecuada, ofrece ás vítimas de violencia de xénero unha atención inmediata, ante as eventualidades que lles poidan sobrevir, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar en que se atopen, en colaboración con Cruz Roja. Durante 2008, 4 mulleres eran usuarias deste servizo en Sada, levándose o seguimento desde Servizos Sociais.

E7.OO2.OO3 Dar continuidade ás medidas positivas de priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero así como a seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes.

**Resultado: Abordada**

A urxencia destes situacións fai que sexa lóxica a súa prioridade que no caso, por exemplo, da asesoría xurídica está recollida expresamente.

E7.OO2. OO3 Favorecer a inserción sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, dándolles prioridade no acceso a cursos de formación, programas de emprego e axudas municipais.

**Resultado: Abordada**

Nos obradoiros de emprego “Cambre- Sada PROXEDIS” dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas existe prioridade para as vítimas de Violencia de xénero. Impartise a especialidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

Incluir para o próximo plan establecer esta prioridade para as axudas municipais.




GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 7			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100%		
Accións	100%		

## Eixe 8: Muller e diversidade funcional

Obxectivos Operativos	2	
Abordados	2	100%
Pendientes		

Accións	12	
Abordadas	11	92%
Pendientes	1	8%



## OBXECTIVO ESTRATÉXICO

Fomentar o desenvolvemento de medidas e accións que lles ofrezan ás mulleres con diversidade funcional de maior posibilidade de integración na vida diaria **Abordado**

## OBXECTIVO OPERATIVO

E8.OO1 Sensibilizar aos axentes sociais, políticos e á poboación en xeral sobre a dobre discriminación que sofre este colectivo. **Abordado**

E8.OO2 Mellorar a calidade de vida das mulleres con diversidade funcional do concello. **Abordado**

## ACCIÓNS

E8.OO1 Colaborar coas entidades, organizacións e asociacións que traballan con este colectivo (FADEMG, COGAMI, ONCE, etc.) en estudos, investigacións, campañas de sensibilización conferencias, etc. sobre a problemática que sofren as mulleres con diversidade funcional (dobre discriminación)

**Resultado:** Pendente

A pesar da colaboración que desde o Concello tívose con moitos destes colectivos, es certo que non púxose en marcha unha campaña específica sobre a problemática das mulleres con diversidade funcional. A acción queda pendente para o seguinte Plan de Igualdade.

E8.OO1 Facer campañas de sensibilización en colaboración coas asociacións asistenciais do concello co obxecto de concienciar e formar no respecto á diferenza e na igualdade de trato e oportunidades ao colectivo de persoas con diversidade funcional en xeral, e a muller con discapacidade en particular.

**Resultado:** Abordada

O Concello de Sada colaborou activamente con varias asociacións para axudar a sensibilizar e colaborar co colectivo con diversidade funcional tanto cedendo espazos ou locais (como á Asociación de apoio ás persoas discapacitadas “Peneira”), como desenvolvendo cursos de sensibilización cara a diversidade (“Diversidade, Inclusion e Intervención Sociocomunitaria”: do 4 ao 6 de xullo de 2018) ou recoñecendo o traballo de ASPACE, (Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral da Coruña) coa medalla de oro, entre outras accións.

Destacan especialmente:

**- Programa de Accesibilidade Cognitiva de Autismo:** o Concello de Sada colaborou coa Federación de Autismo de Galicia para adoptar o Programa de Accesibilidade Cognitiva de Autismo. Con este proxecto, os edificios municipais son máis comprensibles para persoas con trastorno de espectro autista a través de pictogramas. Entre os espazos que se sinalaron mediante pictogramas destacan: edificio de servizos administrativos, OMX, Casa de Cultura e Biblioteca, Casa do Concello, Xulgado de paz, Centro de servizos sociais e aulas lindoiras, Pavillón polideportivo, Campo de Fútbol As Mariñas-Andrés Pena, Piscina municipal, CEIP-IES O Mosteirón, Centro de Día (Mondego), CEIP Barrie dá Maza, CEIP Sada e os seus contornos, EEI Carnoedo, EEI Galiña Azul ( Mondego), IES Isaac Diaz Pardo e EEI Florita.



-**Curso Diversidade, Inclusión e Intervención Sociocomunitaria** en xullo de 2018, anteriormente detallado.

-**Entrega da medalla de oro a ASPACE:** o alcalde entregou a Medalla de Ouro de Sada á Asociación de Pais de Persoas con Parálise Cerebral da Coruña en virtude do acordo unánime da corporación de 30 de novembro de 2017. A distinción, concedida coincidindo co corenta aniversario da asociación con sede en Osedo desde 1983, responde o desexo da cidadanía sadense de recompensar "o xeneroso e desinteresado labor que desde 1977 ven desenvolvendo para a mellora da calidade de vida das persoas con parálise cerebral e as súas familias"



- **Camión da Diversidade:** actividade educativa e de lecer en colaboración coa Fundación INGADA, asociación de persoas nais e pais de nenos e nenas con TDAH, trastorno por déficit de atención con hiperactividade, para o día 16 de Setembro de 2017, e tivo como fin potenciar os valores de solidariedade, compañeirismo, respecto e vida saudable. Consistiu nunha etapa do Camión de Santiago (desde A Escravitude ata a Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela, un 19 km) compartindo actividades e experiencias. Trátase da última etapa da Ruta Portuguesa.





**-Actividades de diversidad funcional:** o servizo de Diversidade Funcional do Concello de Sada recolle actuacións específicas de orientación, prevención, inserción e participación social dos residentes no municipio con diversidade funcional. O programa Universo Diverso inclúe obradoiros de teatro, novas tecnoloxías, pintura e un club de lecer os fins de semana para persoas con diversidade funcional incluíndo saídas de ocio.





**-Colaboración co Festival de Rock Solidario de Aspace:** organizado pola concellaría de Benestar Social e por ASPACE, o festival de Rock Solidario repítese ano tras ano con gran acollida.



E8.OO2 Traballar coas familias das mulleres con diversidade funcional, en colaboración coas organizacións asistenciais, para facilitar cambios de actitude que liberen ás mulleres con discapacidade da sobreprotección no ámbito familiar e orientalas cara ao asociacionismo e grupos de autoaxuda.

**Resultado: Abordada**

E8.OO2 Vixiar atentamente, xunto co persoal do Centro de Saúde, ás mulleres con diversidade funcional que poden ser obxecto de agresións, abusos, violencia de xénero en xeral, e garantirlles a seguridade física, así como poñer ao seu alcance os recursos dispoñíbeis para mulleres vítimas da violencia de xénero.

**Resultado: Abordada**

Desde Servizos Sociais dentro do programa de atención á diversidade ofrecese tanto información como asesoramento a quen o necesite. Se detectase algunha problemática específica respecto a violencia de xénero ou coas familias da persoa atendida actuase en consecuencia, tanto derivando aos servizos pertinentes como traballando desde os propios servizos sociais en coordinación co centro de saúde, asociacións ou organismos afectados. Tamén tramítanse os diferentes recursos necesarios e acompañase a persoa no proceso

(axudas técnicas, xantar na casa, servizo de axuda no fogar, gabinete de inserción sociolaboral, trámites discapacidade, e dependencia etc.)

**E8.OO1 Colaborar, coas organizacións sindicais e asociacións na vixilancia e prevención de situacións de discriminación cara ás mulleres con diversidade funcional e apoialas de cara a defender os seus dereitos.**

**Resultado: Abordada**

Dentro do servizo apoiase as mulleres con diversidade funcional na defensa de seus dereitos e na loita contra a discriminación derivándoa ou establecendo contacto coas asociacións ou organismos que poidan axudala.

**E8.OO1 Divulgar toda a información que proceda doutros organismos ou entidades en todo o que se refira a este colectivo (programas de inserción sociolaboral, obradoiros ocupacionais, programas de vacacións etc.)**

**Resultado: Abordada**

**E8.OO2 Colaborar coas entidades, organizacións e asociacións que traballan con colectivos de persoas con diversidade funcional (FADEMGGA, COGAMI, ONCE, etc.) na integración laboral e social deste colectivo, así como en cursos de formación e actividades lúdicas e culturais.**

**Resultado: Abordada**

A información das actividades e programas destinados ao colectivo prestase desde Servizos sociais no programa de atención as persoas con diversidade funcional.

Dentro do ámbito laboral e a través do Consorcio das Mariñas, Sada beneficiase do Gabinete de Inserción Sociolaboral para apoiar aos equipos de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios na inserción social e laboral daquelas persoas con especiais dificultades para acceder ou manter un posto de traballo. As accións abarcan tanto o acompañamento na procura autónoma de emprego (orientación, corrixir déficits, adquisición de habilidades) como os obradoiros de preparación para a inserción, buscando conseguir a motivación necesaria a través de dinámicas grupais, combinadas con técnicas de autoaxuda, axuda mutua e titorías individualizadas.

**E8.OO1 Informar ao empresariado dos incentivos e vantaxes fiscais e sociais que existen na Comunidade Autónoma na contratación de mulleres con diversidade funcional.**

**Resultado: Abordada**

Desde a Axencia de Desenvolvemento Local infórmase ao/ás empresarios/as das vantaxes de contratar a mulleres con diversidade funcional.

**E8.OO2 Dar continuidade ao Programa de Atención a Persoas con Diversidade Funcional, desenvolto polos Servizos Sociais Comunitarios de Concello de Sada.**

**Resultado: Abordada**

O programa xa detallouse noutros apartados desta avaliación e consta dun servizo de información e asesoramento así como da realización de diversas actividades, a través de Universo Diverso.

# PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE FUNCIONAL: PROXECTO UNIVERSO DIVERSO

O Servizo de Atención a Persoas con Discapacidade é un proxecto de continuidade no Concello de Sada, que pretende abordar o obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade para acadar o maior nivel de autonomía posible e fomentar a plena participación en igualdade de oportunidades e o acceso a entornas de vida normalizados.

Obxectivos:

- Mellorar a calidade de vida das persoas con diversidade e das suas familias.
- Fomentar a participación e inclusión social das persoas con diversidade funcional.
- Posibilitar espazos de encontro e de fomento da autoestima.
- Posibilitar e fomentar un ocio inclusivo.



ACTUACIÓNS:

## 1. Talleres Lúdico-formativos:

### Taller de pintura.

Actividade enfocada ao fomento da creatividade á vez que se traballan aspectos de motricidade e de xeito implícito a autonomía e autoestima dos participantes.

O Taller desenvólvese un día á semana durante tres horas nun local municipal.

Participaron no taller nove persoas, sete mulleres e dous homes de idades comprendidas entre os 42 e os 60 anos con diversidade intelectual

O grado de satisfacción dos participantes é alto acadando unha asistencia do 100% cada ano.



### Taller de iniciación e manexo de TICS

Actividade enfocada ao coñecemento e manexo mínimo das novas tecnoloxías dun xeito fácil e divertido.

Un día á semana e durante tres horas de duración, as persoas participantes inicianse ou practican tarefas para manexar as novas tecnoloxías. A metodoloxía adaptase a cada un deles, variando as tarefas a desenvolver en función das capacidades de cada un/ha.

Desenvolvese un día á semana durante tres horas na aula CEMIT do concello.

Nº de participantes: catro persoas con diversidade intelectual.



## **2. Saídas socioeducativas. Excursións.**

Actividade enfocada a fomentar un ocio inclusivo a través de saídas de lecer, culturais e de ocio facendo uso dos recursos existentes tanto no concello como na área metropolitana.

En xeral os sábados pola tarde os participantes reúnense para pasar a tarde de xeito lúdico alternando sábados no termo municipal de Sada e sábados de excursión a lugares de interese.



Lugares visitados:

A Coruña: Casa das Ciencias e Planetarium, Museo de Bellas Artes, Aquariun

As Fragas do Eume, pobo de Miño, Santiago de Compostela (museo pedagóxico de Galicia)

Actividades en Sada: tardes de cine e xogos, entroido, musicoterapia.

Persoas participantes: persoas con diversidade funcional intelectual.

Nº de participantes: entre dez e quince persoas



E8.OO2 Incidir na formación dixital como ferramenta útil tanto no eido laboral como de axuda para paliar o posible illamento.

Resultado: Abordada

Tanto desde o Gabinete de información sociolaboral del que dispón Sada a través do Consorcio das Mariñas como no Cemit ou a través da área de emprego existen cursos de formación dixital orientados a procura de emprego, como xa se detallou anteriormente..

**E8.OO2 Incidir na necesidade de desenvolver obradoiros de autoestima, habilidades sociais, rexeitamento do conformismo e a pasividade, co obxectivo de eliminar a percepción negativa que as mulleres con diversidade funcional poden ter cara a si mesmas, promovendo o empoderamento e a autonomía persoal.**

**Resultado: Abordada**

Esta acción foi abordada con obradoiros como as xornadas de coaching para mulleres en novembro de 2017 ou o curso: “Diversidade, Inclusión e Intervención sociocomunitaria” do 4 ao 6 de xullo de 2018, que tivo como eixo o empoderamento da muller e a diversidade, como foi explicado noutros apartados desta avaliación.

**E8.OO2 Continuar a supresión das barreiras arquitectónicas e urbanísticas que existen no concello e que impiden ás mulleres con diversidade funcional acceder aos recursos municipais: barreiras no transporte, na comunicación, no acceso á información, etc.**

**Resultado: Abordada**

Durante os anos de desenvolvemento do II Plan de Igualdade desde o Concello apostase pola peonalización de novas zonas, ademais da continua supresión de barreiras arquitectónicas. Actualmente es posible percorrer o municipio de punta a punta camiñando por espazos libres de vehículos desde o porto pesqueiro hasta O Curruncho. Ademais do traballo para suprimir as barreiras arquitectónicas, creáronse novas prazas de aparcamento, algunhas delas para persoas con problemas de mobilidade, pero aínda hai moito camiño por percorrer ao respecto da eliminación de barreiras e a accesibilidade ao transporte.

GRAO DE CUMPRIMENTO EIXE 8			
	ALTO	MEDIO	BAIXO
Obxectivos operativos	100%		
Accións	92%		

# GRAO DE EXECUCIÓN

O resultado final do grao de execución do II Plan de Igualdade do Concello de Sada alcanza un nivel moi alto pero revela tamén algún puntos débiles. En total, quedaron pendentes 13 accións das 74 programadas, o que supón un 18%. Con respecto aos obxectivos o dato es máis favorable e alcanza o 97% de cumprimento.

<b>Obxectivos operativos</b>	29	
<b>Abordados</b>	28	97%
<b>Pendientes</b>	1	3%

<b>Accións</b>	74	
<b>Abordadas</b>	61	82%
<b>Pendientes</b>	13	18%

	COMPLETO	ALTO	MEDIO	BAIXO	NINGUNO
GRAO DE EXECUCIÓN DO PLAN	100%	82% das accións abordadas	50%	Menos do 50%	

RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS E GRAO DE EXECUCIÓN DO PLAN	AXUSTADA	INSUFICIENTE
	97% dos obxectivos abordados	



O 87% dos eixos tiveron un grao de cumprimento alto, es dicir que abordaron máis do 50% das accións que incluían.

<b>GRAO CUMPRIMENTO EIXOS</b>		
<b>ALTO (Máis 50% das actuacións abordadas)</b>	7	87%
<b>MEDIO (50% das actuacións abordadas)</b>	0	0%
<b>BAIXO (Menos 50% das actuacións abordadas)</b>	1	13%

O eixe de “Transversalidade na xestión municipal” es o de cumprimento máis baixo. Por contra os eixos de “Saúde, benestar e calidade de vida” e “Acción integral contra a violencia de xénero” abordaron o 100% das accións detalladas. Dos datos conclúese que convén mellorar tamén en “Educación para a igualdade” así como en “Participación Social”, mellorando a coordinación e comunicación coas asociacións do municipio.

<b>GRAO CUMPRIMENTO EIXOS (DETALLE)</b>	
<b>EIXE 1: Transversalidade na Xestión Municipal.</b>	44%
<b>EIXE 2: Apoderamento e Acción Social.</b>	75%
<b>EIXE 3: Educación para a Igualdade.</b>	71%
<b>EIXE 4: Prevención Económica e Emprego.</b>	90%
<b>EIXE 5: Conciliación e Corresponsabilidade.</b>	75%
<b>EIXE 6: Saúde, Benestar e Calidade de Vida.</b>	100%
<b>EIXE 7: Acción Integral contra a Violencia de Xénero.</b>	100%
<b>EIXE 8: Muller e Diversidade Funcional.</b>	92%

Con respecto ás accións que quedaron pendentes, na maioría dos casos queda previsto o seu desenvolvemento para o próximo Plan de Igualdade.

Accións pendentes	Motivos
<i>E1.OO1 Incorporar dentro da programación da formación do Concello un curso básico de formación en igualdade e non discriminación por razón de sexo, obrigatorio para a totalidade de persoal funcionario, laboral e político.</i>	Desde o Plan de formación da Deputación, FEGAMP, EGAP e a través do Ministerio e o Instituto de la Mujer achégase ao persoal da administración local formación en igualdade, linguaxe inclusiva e prevención da violencia de xénero, se ben es certo que non é obrigatorio. Para o próximo plan valorar a viabilidade desa obrigatoriedade.
<i>E1.OO3 Difundir recomendacións entre o persoal do Concello para reducir os usos sexistas na documentación municipal.</i>	Para o próximo Plan de Igualdade valorar se difundir entre o persoal do Concello un manual do uso da linguaxe inclusiva.
<i>E1.OO3 Realizar unha revisión de toda a documentación interna e publicacións externas por cada estrutura do concello para adaptala progresivamente, dende un punto de vista non sexista.</i>	Incluír a recomendación dentro dese manual de uso da linguaxe inclusiva.
<i>E1.OO3 Realizar unha revisión de contidos da páxina web do concello e corrixir os usos sexistas da linguaxe.</i>	Incluír a recomendación dentro dese manual de uso da linguaxe inclusiva.
<i>E1.OO3 Incorporar na web do concello o acceso as recomendacións da utilización da linguaxe non sexista da páxina web Mulleres en Galicia da Secretaría Xeral de Igualdade</i>	Valorar se colgar na web ese manual de uso da linguaxe inclusiva.
<i>E2.OO1. Divulgar a todas as asociacións e colectivos, profesionais e xuvenís as accións que se xeren no ámbito da igualdade e do empoderamento (creación de asociacións como womenalia, celebración de congresos, programas de xunta como executiva...) para que se vexa os movementos que hai a nivel internacional, estatal e galego.</i>	Convén articular esta medida contando cunha boa base de datos das asociacións e manter esa vía de comunicación para difundir o traballo da área de Igualdade.
<i>E2.OO1. Continuar coa visibilización, valoración e recoñecemento público das mulleres, nomeamento das galegas, mediante o incremento do número de mulleres asignadas a espazos e actividades relacionadas co concello, rúas, centros, certames, proxectos, edificacións públicas, etc.</i>	Plasmar a medida nunha instrución clara para que o nome de mulleres destacadas asignase a novas rúas, dotacións e espazos.

<p><i>E3. OO1. Difundir entre o empresariado e organizacións de Sada as axudas para a implantación de Plans de Igualdade nas empresas e os seus beneficios</i></p>	<p>A acción pode tomar forma dunha campaña concreta ao longo do desenvolvemento do III Plan de Igualdade.</p>
<p><i>E3.OO3. Incorporar nas accións formativas promovidas polo concello que teñan unha duración superior a 20h. un módulo en sensibilización de igualdade de xénero.</i></p>	<p>Valorar coa área de emprego a viabilidade desta acción.</p>
<p><i>E4.OO2. Formar en igualdade de oportunidades ao persoal responsable de programas e servizos de asesoramento para o emprego, formación para o emprego, autoemprego e creación de empresas.</i></p>	<p>Desde o Plan de formación da Deputación, FEGAMP, EGAP e a través do Ministerio e o Instituto de la Mujer achégase ao persoal da administración local formación en igualdade, linguaxe inclusiva e prevención da violencia de xénero, se ben es certo que non é obrigatoria.</p>
<p><i>E5.OO1 Incentivar a utilización por parte dos homes de permisos e licenzas para o coidado de menores e persoas dependentes.</i></p>	<p>A acción pode tomar forma dunha campaña concreta ao longo do desenvolvemento do III Plan de Igualdade.</p>
<p><i>E5.OO1 Difundir en colaboración coa área de Promoción económica e emprego entre o empresariado e sindicatos do municipio experiencias de boas prácticas en materia de corresponsabilidade e conciliación levadas a cabo no ámbito laboral.</i></p>	<p>A acción pode tomar forma dunha campaña concreta ao longo do desenvolvemento do III Plan de Igualdade.</p>
<p><i>E8.OO1 Colaborar coas entidades, organizacións e asociacións que traballan con este colectivo (FADEMGA, COGAMI, ONCE, etc.) en estudos, investigacións, campañas de sensibilización conferencias, etc. sobre a problemática que sofren as mulleres con diversidade funcional (dobre discriminación) .</i></p>	<p>A colaboración coas entidades faise para varias cuestións pero non con ese obxectivo específico. A acción pode tomar forma dunha campaña concreta ao longo do desenvolvemento do III Plan de Igualdade.</p>

---

# AVALIACIÓN DE PROCESO E INDICACIONES PARA A CONTINUIDADE

---

Neste apartado imos a analizar os éxitos alcanzados, mais tamén, e con máis detemento as áreas de mellora sobre as que incidir.

Valóranse os Principios Reitores do Plan, máis os recursos materiais e técnicos e o seguimento

## PRINCIPIOS REITORES

### REFORZAMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Segun recolle o II PIOM os poderes públicos deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo por parte de mulleres e homes, en condicións de igualdade, dos dereitos políticos, civís, económicos, sociais e culturais e do resto dos dereitos fundamentais que poidan ser recoñecidos nas normas, incluído o control e o acceso ao poder e aos recursos económicos e sociais.

#### Éxitos

- O II PIOM recolle a guía para reforzar o principio de Igualdade de Oportunidades
- A porcentaxe dun 82% das accións abordadas indica que si foi reforzado ese principio.

#### Áreas de Mellora

- Operativizar mellor as accións
- Concretar os indicadores de cumprimento

### PRINCIPIO DE TRANSVERSALIDADE OU MAINSTREAMING

Institucionalizar a perspectiva de xénero na totalidade das políticas e actuacións municipais dependentes de todas as concellerías, departamentos e áreas municipais.

#### Éxitos

- Sentar as bases para lograr que o Plan se traballe dunha maneira transversal nas áreas municipais.

#### Áreas de Mellora

- Mellor coordinación entre áreas
- Programar actividades conxuntas entre as diferentes áreas e a de Igualdade
- Coordinar o traballo en rede axeitadamente

## PRINCIPIO DE PARTICIPACIÓN

Sen participación non é posible a transversalidade. Participar supón involucrar a distintas áreas municipais: persoal político, social, cultural, educativo, etc. no desenvolvemento do II PIOM.

### Éxitos

- Sentar as bases dunha participación que sen dubida debe mellorarse no futuro

### Áreas de Mellora

- Revisar as ferramentas/estratexias utilizadas para mellorar a coordinación co tecido asociativo veciñal e económico do municipio dándolles maior participación.

- Fomentar a participación das asociacións nas convocatorias conxuntas que se realizan e nas diferentes actividades.

- Contar coa participación dos centros educativos para traballar pola igualdade.

- Creación de novas canles de comunicación coas asociacións co envío a través do correo electrónico de información sobre actividades e campañas.

## PRINCIPIO DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN

Os poderes públicos teñen a obriga de colaborar e coordinar as súas actuacións en materia de igualdade na procura de realizar intervencións máis eficaces e acordes cunha utilización racional dos recursos.

### Éxitos

- O II PIOM sentou as bases dunha colaboración interna entre áreas en materia de igualdade

-Para a elaboración do II PIOM contouse cunha enquisa entre o persoal do Concello para acometer a súa elaboración

- As accións foron moi variadas e sentáronse as bases de colaboración con moitas entidades e asociacións

-A coordinación con outras institucións foi axeitada

### Áreas de Mellora

- Reforzar a coordinación e colaboración interna

- Reforzar a coordinación entre áreas municipais.

## PRINCIPIO DE OPTIMIZACIÓN E RENDIBILIDADE

O principio recolle a necesidade de optimización e rendibilidade dos recursos públicos locais e supramunicipais cun investimento económico eficaz e eficiente mediante o uso racional de recursos públicos.

### Éxitos

- As actividades de sensibilización dirixíronse á maior parte de público posible (Sada en Negro)
- As accións en algunhas ocasión foron sufragadas por outras institucións
- Programouse sempre con racionalidade

### Áreas de Mellora

- Colaborar activamente aportando apoio non só económico se non de organización ou difusión de actividades de sensibilización.

### PRINCIPIO DE RESPECTO A DIVERSIDADE E Á DIFERENZA

Como recolle o II PIOM este principio contempla traballar “respectando tanto a diversidade e as diferenzas existentes entre mulleres e homes ao longo dos seus ciclos vitais, expectativas, interese, así como a diversidade e diferenzas existentes dentro dos propios colectivos de mulleres e homes”.

### Éxitos

- O documento contén unha sensibilidade cara a diversidade plasmada nun eixe dedicado exclusivamente a Muller e diversidade funcional
- O alto cumprimento deste eixe

### Áreas de Mellora

- Incrementar as actividades destinadas ao colectivo ao longo de todo o ano.

### RECURSOS MATERIALES (TÉCNICOS E ECONÓMICOS)

### Éxitos

- O orzamento que permitiu unha edición do Plan cun deseño moi atractivo e cómodo, ademais de dípticos e outro material de difusión.
- O apoio económico para as actividades que o requiriron.

### Áreas de Mellora

- Incrementar os medios técnicos destinados á igualdade para poder abarcar a planificación deseñada, ampliala e dar resposta á crecente demanda existente.

## FERRAMENTAS DE SEGUIMENTO

### Éxitos

- O alto cumprimento de obxectivos e accións.

### Áreas de Mellora

- A falta de avaliacións anuais
- A falta de indicadores numéricos xa que os datos non estaban recollidos anteriormente
- A inexistencia de indicadores

## PRINCIPAIS DIFICULTADES ATOPADAS

### TRANSVERSALIDADE

- Falta de formación e concienciación en materia de igualdade.

### PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA, CENTROS EDUCATIVOS E TECIDO ASOCIATIVO

- Falta de participación para determinadas actividades.

### FERRAMENTAS DE SEGUIMENTO

- Dependencia excesiva de que as diferentes áreas implicadas faciliten os indicadores.
- Falta de indicadores numéricos
- Falta de avaliacións anuais



---

# CONCLUSIÓN

---

Que un 82% das accións previstas neste Plan fosen abordadas supón un grao de cumprimento alto, máis se temos en conta que o 97 % dos obxectivos operativos tamén foron abordados. Pero estes datos non poden facer que nos deixemos levar polo suposto éxito, queda moito camiño por percorrer e ademais convén lembrar que falamos de obxectivos e accións abordadas, pois sería pretencioso concluír que se conseguiu, por exemplo sensibilizar a toda a poboación, pero si que se fixeron accións destinadas a este fin.

A concienciación crecente respecto á necesidade de traballar pola igualdade de xénero supón un bo empuxón para acometer a redacción dun novo Plan de Igualdade, no que se tratará de superar as carencias de leste. Unha maior implicación da cidadanía na súa redacción, dar voz a asociacións e colectivos vai ser unha meta inescusable.

Á parte da necesaria participación cidadá é fundamental construír un novo Plan que sexa eminentemente práctico con indicadores concretos, que non se converta nun documento que quede nun caixón, se non que sexa un instrumento que sirva de guía para construír novas políticas de igualdade.

Desta avaliación tamén despréndese que é necesario mellorar a coordinación entre áreas, programar actividades conxuntas entre as diferentes áreas e a de Igualdade e coordinar o traballo en rede axeitadamente, é dicir, traballar para que a transversalidade sexa unha realidade en todas as áreas municipais e en todas as políticas que leven a cabo.

Aprendendo dos erros tamén é necesario avaliar o Plan cada ano para coñecer o escenario no que nos atopamos e levando un control respecto a as accións que quedan pendentes para darlles novo impulso.

Para chegar a estas conclusións hai que aprender da experiencia e por iso era tan necesaria esta avaliación antes de empezar un novo proxecto cunhas novas metas.

Desta maneira comeza unha nova etapa para traballar para conseguir a igualdade nun escenario cunha concienciación crecente, pero no que falta aínda máis formación en igualdade e perspectiva de xénero.

---

# DOCUMENTACIÓN E MARCO LEXISLATIVO

---

## Internacional

### ONU

- Carta das Nacións Unidas 1945
- Declaración universal dos dereitos humanos. 1948.
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller de 1967.
- Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979.
- Conferencia mundial sobre a muller México 1975.
- Conferencia mundial sobre a muller Copenhague 1980.
- Conferencia mundial sobre a muller Nairobi 1985.
- Conferencia mundial sobre a muller Pekín Beijing 1995 (con exames quinquenais).

### Normativa europea

- Tratado de Roma, 1957. Recolle a igualdade de retribución entre traballadoras e traballadores.
- Cumpre de París, 1972. 1.º programa de acción social para asegurar a igualdade laboral na Comunidade Europea.
- Tratado da Unión Europea, Maastrich, 1992. O principio da igualdade non obstará para que os estados membros poidan adoptar medidas de acción positiva.
- Tratado de Amsterdam de 1997.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. 2000.
- Tratado do Consello Europeo de Bruselas, 2004. Inclúese a igualdade entre mulleres e homes coma un valor da Unión.
- Directiva do Consello 2004/113/CE, aplica o principio de igualdade de trato ao acceso a bens e servizos.
- Directiva 2006/54/CE relativa á aplicación do principio de igualdade en asuntos de emprego e ocupación.

- Pacto Europeo para a igualdade de xénero 2011/2020.

### **Normativa estatal**

- Constitución Española. O artigo 14, establece a igualdade ante a lei, sen discriminación ningunha por razón de sexo.
- Lei 16/1983, pola que se crea o Instituto da Muller.
- Lei 39/1999 do 5 de novembro para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Real Decreto 1686/2000. Créase o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
- Lei 27/2003 do 31 de marzo reguladora da Ore de protección das vítimas de violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **Normativa autonómica**

- Estatuto de Autonomía de Galicia, artigos 4 e concordantes.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller.
- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

## **Ámbito Local**

- I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades da Muller do Concello de Sada 2005-2008.
- Avaliación do I Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades da Muller do Concello de Sada 2005-2008.
- II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Sada 2014-2018.

## **Documentación**

- EUDEL-Asociación de Municipios Vascos e EMAKUNDE-Instituto Vasco da Muller. Guía para o deseño, xestión e avaliación de plans locais para a Igualdade.
- Goberno de España e de Empresas de Asesoramento para a Igualdade. Módulo de desenvolvemento e avaliación de plans de igualdade dentro do Programa Formativo en Materia de Igualdade entre Mulleres e Homes.
- Empresas de Asesoramento para a Igualdade. Instrumentos de apoio para a execución do Plan de igualdade.
- Fundación Mujeres. Proxecto Eloísa. Protocolo de actuación para a implantación de Plans de Igualdade en Concellos.
- II Plan para a Igualdade entre mulleres e homes na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos.
- FEMP Guía para sensibilizar e previr desde as entidades locais a violencia contra as mulleres.
- CCOO. Secretaría Confederal de la Mujer. Guía para o seguimento e avaliación dos plans de igualdade.